

IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CURSO 2024-2025

# ÍNDICE

<b>CAPÍTULO I</b> .....	<b>4</b>
<b>1. PLAN ANUAL</b> .....	<b>4</b>
1.1. Características do centro .....	4
1.2. Obxectivos .....	6
1.3. Medidas organizativas .....	12
1.4. Calendario de avaliacións .....	18
<b>2. HORARIO XERAL DO CENTRO</b> .....	<b>22</b>
<b>3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b> .....	<b>24</b>
<b>4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS</b> .....	<b>25</b>
<b>CAPÍTULO II</b> .....	<b>26</b>
<b>1. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> .....	<b>26</b>
<b>CAPÍTULO III</b> .....	<b>27</b>
<b>1. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b> .....	<b>27</b>
<b>2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA</b> .....	<b>41</b>
<b>3. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO</b> .....	<b>43</b>
<b>4. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO</b> .....	<b>47</b>
<b>5. OUTRAS ACTIVIDADES E INICIATIVAS</b> .....	<b>52</b>
<b>CAPÍTULO IV</b> .....	<b>54</b>
<b>1. ORZAMENTO DO CENTRO</b> .....	<b>54</b>
<b>ANEXO I. PLAN ANUAL DE LECTURA</b> .....	<b>55</b>
<b>ANEXO II. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC</b> .....	<b>62</b>
<b>ANEXO III. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> .....	<b>66</b>
<b>ANEXO IV. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA</b> .....	<b>70</b>

## CAPÍTULOS I, II e III

Os aspectos educativos desta Programación Xeral Anual foron aprobados polo Claustro de Profesores do IES Maximino Romero de Lema o día 25 de setembro de 2024<sup>1</sup>.

A Programación Xeral Anual, agás o Capítulo IV, foi aprobada polo Consello Escolar do IES Maximino Romero de Lema o día 25 de setembro de 2024<sup>2</sup>.

## CAPÍTULO IV

Pendente de elaboración e aprobación ata o mes de febreiro de 2025.

---

(1) Segundo o establecido no artigo 129, b) da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa redacción consolidada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

(2) Segundo o establecido no artigo 127, b) da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa redacción consolidada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

# CAPÍTULO I

## 1. PLAN ANUAL

Neste plan anual preséntanse os obxectivos que o Centro se propón conseguir no curso 2024-2025 no desenvolvemento do proceso educativo, buscando optimizar os recursos humanos e materiais para lograr a máxima eficiencia e coa finalidade última de lograr unha formación íntegra e plena do alumnado, buscando o máximo desenvolvemento das súas capacidades e tratando de que este sexa un centro onde se ensine e se aprenda con calidade, onde se fomenten hábitos de convivencia cívicos, onde se creen e desenvolvan valores e se medre día a día como colectivo integrador, participativo e aberto ao seu contorno e ao mundo a través das novas tecnoloxías.

### 1.1. Características do centro

O IES Maximino Romero de Lema está enclavado na parroquia de Santa María de Baio, nos lindes do núcleo urbano, no lugar chamado Prado da Torre, pertencente ao concello de Zas, situado ao NO da provincia da Coruña. A localidade de Baio sitúase a carón do río do Porto, ou río Grande, que neste lugar establece a liña divisoria entre os concellos de Zas e Vimianzo.

Nesta zona, e debido ás baixas expectativas económicas, a xente nova de maior nivel formativo tende a marchar cara a outros lugares, co que o potencial máis importante de recursos humanos non se incrementa localmente.

No concello desenvólvese unha grande actividade cultural, cunha serie de asociacións que dan un gran prestixio á zona. Entre as asociacións podemos destacar: Adro, Amigos do Liño, Su a Agra, grupo de teatro Badius, Castro Meda... Tamén cabe destacar o labor das Bibliotecas de Baio e de Zas. Todas elas levan a cabo un intenso labor de recuperación etnográfica e cultural de gran interese social, o que nos proporciona unha importante fonte de recursos para contribuír e colaborar na formación integral do alumnado, especialmente no ámbito social e cultural.

A maioría das familias están formadas por catro membros e é frecuente a convivencia cos avós e avoas. Os pais e nais do alumnado son, na súa maioría, de mediana idade, sendo a figura paterna de maior idade. Cabe sinalar que só unha baixa porcentaxe teñen estudos de grao superior. A taxa de paro incrementouse nos últimos tempos debido á situación

económica global e isto contribuiu ao incremento da emigración cara a núcleos urbanos da zona e cara ao exterior.

A lingua empregada maioritariamente nas relacións familiares é o galego, aínda que se observa un crecente uso do castelán no alumnado que procede de determinadas localidades (Baio e Laxe).

O alumnado de ESO procede maioritariamente do CEIP Labarta Pose, de Baio, aínda que hai tamén un certo número que vén do CPI Cabo da Area de Laxe e doutros centros da zona. Na etapa de Bacharelato a gran maioría do alumnado procede do CPI de Zas, do CPI Cabo da Area de Laxe, do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños e en menor número do IES Eduardo Pondal de Ponteceso e do IES Terra de Soneira, de Vimianzo. O alumnado dos ciclos formativos e da FP Básica procede de toda a comarca e incluso doutras. Este curso incrementouse a oferta formativa de Formación Profesional co Ciclo Superior Desenvolvemento de Aplicacións Web en réxime Semipresencial e a distancia.

O número total de alumnado para o curso 2024-2025 é de 283 alumnos e alumnas e abrangue as etapas de ESO e Bacharelato, o ciclo formativo de grao básico de Informática de Oficina, o ciclo formativo de grao medio de Sistemas Microinformáticos e Redes e o ciclo formativo de grao superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web.

Os equipamentos e infraestruturas educativas localízanse nunha parcela separada do núcleo urbano de Baio, o que axuda a ser un lugar tranquilo e cunhas condicións axeitadas para a actividade do centro. Contamos coas seguintes instalacións:

- 16 aulas
- Biblioteca
- Sala de Usos múltiples
- 3 laboratorios
- Taller de Tecnoloxía
- Taller de Informática
- Aula de Plástica
- Aula de Debuxo
- Aula de Música
- Aula de Pedagogía Terapéutica
- 6 aulas destinadas ás ensinanzas de Informática
- 1 aula de Informática de uso xeral
- Sala do profesorado
- Ximnasio

- 10 Seminarios
- 1 aula-radio acondicionada no espazo a carón de Usos Múltiples
- 1 sala de lectura acondicionada no espazo debaixo das escaleiras
- 10 aseos (un en cada planta adaptado para minusválidos)
- Sala de titorías
- Gabinete de Orientación
- Despacho de Dirección
- Despacho de Xefatura e Vicedirección
- Secretaría
- Ascensor
- Conserxería
- Cafetería
- Almacén (Demasiado pequeno e ampliado cun contedor mariño)
- Unha pista polideportiva
- Un patio
- Un xardín con Carballeira a carón do río Grande.
- Un aparcamento (habilitado tamén para bicicletas e motocicletas)

As instalacións están distribuídas no edificio principal, que consta de tres andares, na antiga vivenda de conserxería, que está habilitada para impartir clases, e no espazo exterior do centro.

O Centro está adaptado arquitectonicamente para acoller alumnado con minusvalías físicas.

## **1.2. Obxectivos**

Os obxectivos propostos para este curso académico están vinculados coa memoria Final Anual presentada ao remate do curso 2023-2024, algúns deles porque non se acadaron e outros porque supoñen unha liña de continuidade en obxectivos xa acadados. Todos os obxectivos teñen como finalidade contribuír a mellorar o funcionamento xeral do centro e harmonizar a relación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

Os obxectivos xerais propostos, así como os obxectivos específicos e as liñas de traballo correspondentes, son os recollidos no seguinte cadro:

Obxectivo xeral	1. Revisar, elaborar e poñer en práctica os documentos organizativos do Centro.	
Obxectivo específico	-Revisar os documentos de funcionamento do Centro: PEC, NOF, Plan de Igualdade ...	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Organización das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica para estudar posibles propostas de mellora.</li> <li>▪ Adaptación dos documentos á normativa educativa vixente.</li> <li>▪ Aprobación dos documentos despois das propostas feitas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro e Consello Escolar e realización dos extractos dos mesmos para informar a toda a comunidade educativa.</li> <li>▪ Elaboración das PD, das ACIS e da Concreción Curricular na aplicación PROENS.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Incorporar o Plan de Acción Titorial ao desenvolvemento cotiá das sesións de titoría co alumnado.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Preparación do material necesario para que o profesorado titor poida materializar o Plan de Acción Titorial nas sesións de titoría.</li> <li>▪ Realización de reunións mensuais dos titores e titoras co orientador do centro para a planificación e preparación de actividades para traballar nas sesións de titoría.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Actualizar e continuar co Plan Dixital de Centro.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolvemento das accións previstas no Plan Dixital de Centro segundo as indicacións dadas pola Consellería e polo mentor ADIX.</li> </ul>
Obxectivo xeral	2. Mellorar e lograr unha formación académica e humana do alumnado o máis completa posible.	
Obxectivo específico	-Potenciar a coordinación, a través da CCP e das Xefaturas de Departamento, entre o profesorado que imparte o mesmo nivel educativo, de xeito que os obxectivos, contidos, temporalización e criterios de avaliación sexan idénticos para os diferentes grupos.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización dun seguimento mensual do desenvolvemento das programacións didácticas.</li> <li>▪ Fomento de climas de colaboración co alumnado e coas súas familias para o desenvolvemento correcto do proceso educativo.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Incluír o Plan Lector de Centro no desenvolvemento curricular dos cursos de ESO.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dedicar unha sesión semanal á lectura individual, distribuída de maneira rotatoria ao longo do horario lectivo, na que o alumnado poida traer as súas lecturas da casa ou empregar a biblioteca de aula.</li> <li>▪ Establecemento dun calendario coa distribución horaria da hora de lectura, publicándoo en cada clase e na entrada do Centro.</li> </ul>

Obxectivo específico	-Desenvolver programas complementarios para a formación do alumnado.		
	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="352 219 453 555">Liñas de actuación</td> <td data-bbox="453 219 1444 555"> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Favorecer a continuidade dos Contratos-programa, Plan proxecta, seguir promovendo a participación no PLAMBE, solicitar un curso máis o programa de certificación de lingua inglesa LE, o Plan Director, Radio na Escola...e outros programas que vaian saíndo ao longo do curso e consideremos de interese para o alumnado.</li> <li>▪ Intensificar o Plan de Acción Titorial para contribuír á mellora da convivencia e do rendemento académico do alumnado.</li> <li>▪ Continuar traballando co material de Polos Creativos.</li> </ul> </td> </tr> </table>	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Favorecer a continuidade dos Contratos-programa, Plan proxecta, seguir promovendo a participación no PLAMBE, solicitar un curso máis o programa de certificación de lingua inglesa LE, o Plan Director, Radio na Escola...e outros programas que vaian saíndo ao longo do curso e consideremos de interese para o alumnado.</li> <li>▪ Intensificar o Plan de Acción Titorial para contribuír á mellora da convivencia e do rendemento académico do alumnado.</li> <li>▪ Continuar traballando co material de Polos Creativos.</li> </ul>
Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Favorecer a continuidade dos Contratos-programa, Plan proxecta, seguir promovendo a participación no PLAMBE, solicitar un curso máis o programa de certificación de lingua inglesa LE, o Plan Director, Radio na Escola...e outros programas que vaian saíndo ao longo do curso e consideremos de interese para o alumnado.</li> <li>▪ Intensificar o Plan de Acción Titorial para contribuír á mellora da convivencia e do rendemento académico do alumnado.</li> <li>▪ Continuar traballando co material de Polos Creativos.</li> </ul>		
Obxectivo específico	-Potenciar a atención á diversidade e a orientación educativa.		
	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="352 629 453 922">Liñas de actuación</td> <td data-bbox="453 629 1444 922"> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Análise e actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.</li> <li>▪ Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional, incidindo na promoción de reunións informativas co alumnado e as familias, especialmente nos cursos nos que deban tomar decisións importantes para o seu futuro académico e profesional, e adaptándoo ás novas realidades sociais, persoais, normativas, ...</li> </ul> </td> </tr> </table>	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Análise e actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.</li> <li>▪ Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional, incidindo na promoción de reunións informativas co alumnado e as familias, especialmente nos cursos nos que deban tomar decisións importantes para o seu futuro académico e profesional, e adaptándoo ás novas realidades sociais, persoais, normativas, ...</li> </ul>
Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Análise e actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.</li> <li>▪ Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional, incidindo na promoción de reunións informativas co alumnado e as familias, especialmente nos cursos nos que deban tomar decisións importantes para o seu futuro académico e profesional, e adaptándoo ás novas realidades sociais, persoais, normativas, ...</li> </ul>		
Obxectivo xeral	3. Establecer unha liña metodolóxica baseada nas tecnoloxías da información e da comunicación		
Obxectivo específico	-Potenciar e facilitar a formación do profesorado nas tecnoloxías da información e da comunicación.		
	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="352 1133 453 1467">Liñas de actuación</td> <td data-bbox="453 1133 1444 1467"> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaboración dun plan de formación para o profesorado do Centro.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a Abalar-Aula Virtual para axudar ao profesorado na creación e organización de materiais na Aula Virtual.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a TIC para axudarlle ao profesorado en todos os problemas e dificultades que se presenten no uso e manexo das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul> </td> </tr> </table>	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaboración dun plan de formación para o profesorado do Centro.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a Abalar-Aula Virtual para axudar ao profesorado na creación e organización de materiais na Aula Virtual.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a TIC para axudarlle ao profesorado en todos os problemas e dificultades que se presenten no uso e manexo das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>
Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaboración dun plan de formación para o profesorado do Centro.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a Abalar-Aula Virtual para axudar ao profesorado na creación e organización de materiais na Aula Virtual.</li> <li>▪ Potenciamento da figura do/a coordinador/a TIC para axudarlle ao profesorado en todos os problemas e dificultades que se presenten no uso e manexo das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>		
Obxectivo específico	-Mellorar e potenciar a páxina web e outras redes sociais do Centro.		
	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="352 1541 453 1758">Liñas de actuación</td> <td data-bbox="453 1541 1444 1758"> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mellora do deseño e da organización e presentación dos contidos da páxina web do Centro.</li> <li>▪ Mantemento da páxina web e das redes sociais do Centro actualizadas e difusión nelas de todas as actividades feitas no Centro.</li> </ul> </td> </tr> </table>	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mellora do deseño e da organización e presentación dos contidos da páxina web do Centro.</li> <li>▪ Mantemento da páxina web e das redes sociais do Centro actualizadas e difusión nelas de todas as actividades feitas no Centro.</li> </ul>
Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mellora do deseño e da organización e presentación dos contidos da páxina web do Centro.</li> <li>▪ Mantemento da páxina web e das redes sociais do Centro actualizadas e difusión nelas de todas as actividades feitas no Centro.</li> </ul>		
Obxectivo específico	-Renovar e aproveitar de xeito óptimo os recursos TIC do centro.		
	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="352 1832 453 2047">Liñas de actuación</td> <td data-bbox="453 1832 1444 2047"> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fomento do uso dos recursos TIC existentes en todas as aulas.</li> <li>▪ Renovación e mantemento axeitado dos equipamentos informáticos do Centro.</li> <li>▪ Fomento da plataforma Abalar entre o alumnado e as familias.</li> <li>▪ Implementar o uso do correo electrónico en todo o Centro.</li> </ul> </td> </tr> </table>	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fomento do uso dos recursos TIC existentes en todas as aulas.</li> <li>▪ Renovación e mantemento axeitado dos equipamentos informáticos do Centro.</li> <li>▪ Fomento da plataforma Abalar entre o alumnado e as familias.</li> <li>▪ Implementar o uso do correo electrónico en todo o Centro.</li> </ul>
Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fomento do uso dos recursos TIC existentes en todas as aulas.</li> <li>▪ Renovación e mantemento axeitado dos equipamentos informáticos do Centro.</li> <li>▪ Fomento da plataforma Abalar entre o alumnado e as familias.</li> <li>▪ Implementar o uso do correo electrónico en todo o Centro.</li> </ul>		

Obxectivo xeral	4. Mellorar a convivencia no Centro.	
Obxectivo específico	-Elaborar un plan de acollida para o profesorado novo.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dunha reunión de acollida para o profesorado para explicar o funcionamento do Centro.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Elaborar un plan de acollida para as familias do alumnado do Centro.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dunha reunión de acollida coas familias de todo o alumnado do Centro ao comezo do curso.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Elaborar un plan de acollida para o alumnado de 1º de ESO.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dunha reunión ao remate do curso coas familias e co alumnado do CEIP Labarta Pose que se incorpore ao Centro para cursar 1º de ESO.</li> <li>Realización dunha reunión ao remate do curso co profesorado do alumnado do último curso do CEIP Labarta Pose para coñecer as características e necesidades do alumnado que vaia iniciar a etapa de ESO.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Potenciar a conciliación e a mediación como medidas para a resolución de conflitos.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Implantación da persoa coordinadora do benestar e da convivencia.</li> <li>Formación do profesorado e do alumnado na mediación como instrumento de resolución de conflitos.</li> <li>Reforzo do papel da Comisión de Convivencia do Centro.</li> <li>Realización de actividades de sensibilización contra ao acoso escolar, a mala xestión e uso das redes sociais, ...</li> </ul>
Obxectivo específico	-Dinamizar o papel da Xunta de Delegados.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Canalizar as iniciativas do alumnado a través da Xunta de Delegados e promover o debate sobre o desenvolvemento da actividade lectiva.</li> </ul>
Obxectivo xeral	5. Coordinar o desenvolvemento das funcións do equipo directivo.	
Obxectivo específico	-Dirixir os órganos de goberno e coordinación do Centro: Consello Escolar, Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación e convocatoria das reunións establecendo as ordes do día e analizando os contidos a tratar.</li> <li>Entrega da documentación necesaria para cada reunión con antelación a esta.</li> <li>Execución das decisións e acordos adoptados nos distintos órganos.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Velar polo cumprimento e o respecto das normas do Centro e da Consellería.	

	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Difusión da normativa educativa e das normas propias do Centro.</li> <li>▪ Deseño de medidas preventivas e actuación a nivel de Centro no caso de incumprimento das normativas.</li> <li>▪ Traslado de información ao Servizo de Inspección Educativa sobre as faltas graves.</li> </ul>
Obxectivo específico		-Xestionar os recursos materiais e humanos do Centro, contribuíndo a fomentar hábitos de comportamento respectuosos co medio ambiente.
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Asignarlle funcións ao persoal do Centro.</li> <li>▪ Fomento da integración plena do persoal docente e non docente na Comunidade Educativa.</li> <li>▪ Realización do orzamento anual e velar polo seu cumprimento.</li> <li>▪ Actualización dos inventarios e coñecemento das necesidades reais para a realización das peticións e compras oportunas.</li> <li>▪ Continuación do traballo de coidado, limpeza e mellora do material e das instalacións do Centro, involucrando a toda a Comunidade Educativa.</li> <li>▪ Fomento da reciclaxe e reutilización de material, así como da racionalización do gasto e do consumo.</li> <li>▪ Desenvolvemento dunha campaña de concienciación sobre o aforro enerxético entre toda a Comunidade Educativa.</li> </ul>
Obxectivo específico		-Colaborar coa Inspección Educativa.
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Planificación do curso en colaboración coa Inspección Educativa.</li> <li>▪ Colaboración no intercambio de información coa Inspección Educativa.</li> </ul>
Obxectivo xeral	6. Potenciar a educación para a igualdade entre mulleres e homes.	
Obxectivo específico		-Fomentar a formación do profesorado nesta temática.
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promoción e difusión da formación en temas de igualdade.</li> <li>▪ Difusión da lexislación relativa á igualdade entre mulleres e homes.</li> <li>▪ Asesoramento para a revisión da linguaxe empregada nas clases.</li> </ul>
Obxectivo específico		-Evitar os estereotipos sexistas nos documentos de funcionamento do Centro.
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Revisión e actualización de todos os documentos do Centro para eliminar a linguaxe sexista.</li> <li>▪ Deseño de actividades no Plan de Acción Titorial para traballar os temas de igualdade.</li> </ul>
Obxectivo específico		-Fomentar a igualdade na organización do Centro.
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Procurar equilibrar a presenza de alumnas e alumnos nos distintos grupos, actividades, proxectos, etc.</li> <li>▪ Promover que os postos de delegada/o e subdelegada/o sexan compartidos por unha alumna e un alumno, e promover tamén a</li> </ul>

		<p>presenza paritaria nos distintos órganos de goberno do Centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de actividades que fomenten as relacións igualitarias entre alumnas/os.</li> <li>▪ Celebración de actividades en datas sinaladas, como por exemplo o 8 de marzo, Día Internacional da Muller.</li> </ul>
Obxectivo xeral	7. Potenciar a visibilización do Centro e facilitar a comunicación e a información á comunidade.	
Obxectivo específico	-Potenciar o coñecemento das instalacións e da oferta educativa do Centro por parte da sociedade.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Organización de xornadas de portas abertas e de visitas a outros centros para dar a coñecer o funcionamento e as instalacións do Centro.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Facilitar a información á Comunidade Educativa sobre cuestións relativas á vida cotiá do centro.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Publicación na web de toda a información de interese para o alumnado, profesorado e familias: programacións didácticas, Normas de Organización e Funcionamento, concreción curricular.</li> <li>▪ Publicación das actividades complementarias e extraescolares nas redes sociais do Centro.</li> </ul>
Obxectivo específico	-Potenciar a integración e a colaboración na vida cultural e social da zona.	
	Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Continuar colaborando coas asociacións e concellos da contorna na organización de actividades e na difusión de coñecemento.</li> </ul>

### 1.3. Medidas organizativas

#### 1.3.1. Órganos de goberno unipersoais

O **Equipo Directivo** para o curso 2024-2025 está formado por:

<b>Directora</b>	Ana María Facal Maroñas
<b>Vicedirectora</b>	Hortensia Román González
<b>Xefe de Estudos</b>	Fermín Pablo Balsas Barbeira
<b>Secretaria</b>	Marta Diz Alonso

#### 1.3.2. Órganos de goberno colexiados

##### a) Claustro de Profesorado

A relación e distribución do profesorado nos distintos departamentos para o curso 2024-2025 é a seguinte:

DEPARTAMENTO	NOME
<b>Artes Plásticas</b>	<b>Paula Iglesias Vaamonde</b>
<b>Ciencias Naturais</b>	<b>Cecilia Folla Colmeiro</b>
<b>Economía</b>	<b>Francisco Bóveda López</b>
<b>Educación Física e Deportiva</b>	<b>Mercé Barrientos Varela</b>
<b>Filosofía</b>	<b>Francisco Manuel García Carracedo</b>
<b>Física e Química</b>	<b>Begoña Raña Lorenzo</b> Diana Rodríguez Lema
<b>Francés</b>	<b>Ana Fuentes García</b>
<b>Informática</b>	Serxio Arias Barros Antonio Manuel Campos Gerpe Gonzalo de Castro-Acuña Vidal Bertín Deza Pasarín Marta Diz Alonso Silvia Lorenzo Sayáns <b>Josefa Paulos Lareo</b> Óscar Manuel Rey Calo
<b>Inglés</b>	<b>Cristina Otero Rico</b> Berta Toja García
<b>Latín</b>	<b>Mª del Carmen Gómez Costoya</b>
<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<b>Elisa Eimil Paz</b> Raquel Ramilo Varela
<b>Lingua Galega e Literatura</b>	Hortensia Román González <b>Xesús María Sánchez Suárez</b>
<b>Matemáticas</b>	Jesús Blanco Pose <b>Luz Josefa Mouzo Rioboo</b> Mª del Carmen Bermúdez Blanco

DEPARTAMENTO	NOME
Música	Alberto Coya Otero
Orientación	Fermín Pablo Balsas Barbeira Marta Nantón Amado
Relixión	Mª Trinidad López Souto
Tecnoloxía	Xosé Francisco Velo Quintela
Xeografía e Historia	Judit Carbajo Vázquez Ana Mª Facal Maroñas Manuel Carril Veres

Do total de 34 profesores e profesoras do centro, 25 teñen destino definitivo e 9 teñen destino provisional.

Hai tamén unha profesora itinerante que comparte este centro co CPI de Zas.

Ademais do papel que debe desenvolver o profesorado en xeral, é necesario destacar o rol que desempeñan os **titores e titoras** na coordinación docente, no acompañamento ao proceso formativo do alumnado e na colaboración coas familias.

Durante este curso 2024-2025, as **titorías dos grupos** do alumnado serán desempeñadas polo seguinte profesorado:

TITORÍAS CURSO 2024-2025	
Grupo	Titor/titora
1º ESO	Paula Iglesias Vaamonde
2º ESO	Diana Rodríguez Lema
3º ESO	Cecilia Folla Colmeiro
4º ESO	Manuel Carril Veres
1º Bacharelato – A	Francisco Manuel García Carracedo
1º Bacharelato – B	Cristina Otero Rico
2º Bacharelato – A	Judit Carbajo Vázquez
2º Bacharelato – B	Raquel Ramilo Varela
1º FPB Informática de oficina	Mª del Carmen Bermúdez Blanco
2º FPB Informática de oficina	Alberto Coya Otero
1º Ciclo Medio Sistemas Microinformáticos e redes	Serxio Ith Arias Barros
2º Ciclo Medio Sistemas Microinformáticos e redes	Antonio Manuel Campos Gerpe
Ciclo Superior Desenvolvemento de Aplicacións Web	Marta Diz Alonso

Entre as funcións deste profesorado, que se mencionan na lexislación vixente, destacamos a especial importancia das seguintes:

- Coñecer as características de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Asesorar ao alumnado sobre as posibilidades académicas e persoais.
- Informar ás familias sobre o rendemento académico, así como sobre a asistencia e puntualidade ás clases.

Durante o mes de setembro realizarase unha xuntanza de cada titor e titora cos pais e nais dos seus titorandos, coa finalidade de manter un primeiro contacto e de informar e resolver posibles dúbidas. Este curso as titorías coas familias levaranse a cabo sobre todo de xeito presencial, por vía telefónica e/ou correo electrónico. Cómpre sinalar que estas reunións son organizadas e presentadas polo Equipo Directivo.

#### b) Consello Escolar

O Consello Escolar está constituído polas seguintes persoas, pendentes da renovación parcial que se realizará en novembro de 2024:

<b>COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR. CURSO 2024-2025</b>	
<b>Directora – presidenta</b>	Ana M <sup>a</sup> Facal Maroñas
<b>Xefe de Estudos</b>	Fermín Pablo Balsas Barbeira
<b>Secretaria</b>	Marta Diz Alonso
<b>Representantes do profesorado</b>	Óscar Manuel Rey Calo Hortensia Román González Josefina Paulos Lareo Marta Nantón Amado Jesús Blanco Pose Luz Josefa Mouzo Rioboo
<b>Representantes do alumnado</b>	Ningún representante
<b>Representantes das familias</b>	Ningún representante
<b>Representante da ANPA</b>	Non hai ANPA dende o mes de marzo de 2023
<b>Representante do persoal non docente</b>	Non hai representante
<b>Representante do Concello de Zas</b>	M <sup>a</sup> Pilar García García

Dentro do Consello Escolar están constituídas as seguintes comisións, que poderán sufrir cambios despois das eleccións ao Consello Escolar:

<b>COMISIÓN DO CONSELLO ESCOLAR. CURSO 2024-2025</b>	
<b>COMISIÓN</b>	<b>INTEGRANTES</b>
<b>Comisión Económica</b>	Ana M <sup>a</sup> Facal Maroñas Marta Diz Alonso

COMISIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR. CURSO 2024-2025	
COMISIÓN	INTEGRANTES
	Luz Josefa Mouzo Rioboo
<b>Comisión de Convivencia</b>	Ana M <sup>a</sup> Facal Maroñas Fermín Pablo Balsas Barbeira Óscar Manuel Rey Calo Josefina Paulos Lareo
<b>Comisión de Biblioteca</b>	Ana M <sup>a</sup> Facal Maroñas Marta Nantón Amado (Coordinadora do equipo da Biblioteca) Hortensia Román González Jesús Blanco Pose M. <sup>a</sup> del Pilar García García
<b>Persoas responsables de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes</b>	Todos os membros do Consello Escolar

### 1.3.3. Órganos de coordinación docente

Hai que destacar tamén a importante función das **Xefaturas de Departamento** para o bo funcionamento do Centro, partindo da base de que a Comisión de Coordinación Pedagóxica é un órgano fundamental na organización e desenvolvemento da actividade pedagóxica.

A composición da Comisión de Coordinación Pedagóxica para o curso 2024-2025 é a indicada a continuación:

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA. CURSO 2024-2025	
DEPARTAMENTO	NOME
Artes Plásticas	Paula Iglesias Vaamonde
Directora	Ana M <sup>a</sup> Facal Maroñas
Xefe de Estudos e Orientación	Fermín Pablo Balsas Barbeira
Ciencias Naturais	Cecilia Folla Colmeiro
Economía	Francisco Bóveda López
Educación Física e Deportiva	Mercé Barrientos Varela
Filosofía	Francisco Manuel García Carracedo
Física e Química	Begoña Raña Lorenzo
Francés	Ana Fuentes García
Informática	Josefina Paulos Lareo
Inglés	Cristina Otero Rico
Latín	M <sup>a</sup> del Carmen Gómez Costoya
Lingua Castelá e Literatura	Elisa Eimil Paz
Lingua Galega e Literatura	Xesús María Sánchez Suárez
Matemáticas	Luz Josefa Mouzo Rioboo
Música e Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega	Alberto Coya Otero
Relixión	M <sup>a</sup> Trinidad López Souto
Tecnoloxía	Xosé Francisco Velo Quintela
Xeografía e Historia	Judit Carbajo Vázquez
Coordinación da Biblioteca	Marta Nantón Amado

Este órgano reunirse con carácter ordinario unha vez ao mes.

No mes de setembro, antes do 20 de setembro cada profesor que imparta clase terá que ter a PD feita en PROENS e supervisada polo Departamento. Posteriormente e antes do 30 de setembro a Dirección do Centro supervisará as PD.

Todas as PD da ESO e Bacharelato faranse na aplicación PROENS e as PD de FP Básica e Ciclos na aplicación Programacións Didácticas.

É moi importante tamén o papel do **Departamento de Orientación** no asesoamento, deseño e avaliación de medidas de atención á diversidade e na orientación académica e profesional do alumnado. Este curso, dito departamento estará constituído, ademais de polo orientador, a profesora de PT e o profesor de FOL, polas seguintes titoras: Paula

Iglesias Vaamonde e Alberto Coya Otero. Estas titoras coinciden nunha hora semanal dispoñible na que se poderán reunir co Departamento de Orientación.

Finalmente, serán igual de importantes as tarefas de coordinación, sendo responsables delas para o curso 2024-2025:

- **Coordinación Benestar e Convivencia:** Pablo Balsas Barbeira
- **Coordinación Formación do Profesorado:** Hortensia Román González
- **Coordinación Abalar/Aula Virtual:** Bertín Deza Pasarín
- **Coordinación Aula de Emprendemento:** Francisco Bóveda López
- **Coordinación Biblioteca:** Marta Nantón Amado
- **Coordinación Club de Lectura:** Trinidad López Souto
- **Coordinación Club de Ciencia:** Begoña Raña Lorenzo
- **Coordinación Equipo de Dinamización da Lingua Galega:** Alberto Coya Otero
- **Coordinación Polos Creativos:** Xosé Francisco Velo Quintela
- **Coordinación TICs:** Óscar Rey Calo
- **Coordinador FCT:** Gonzalo de Castro-Acuña Vidal.

#### 1.3.4. Persoal non docente

O Centro conta co seguinte persoal non docente:

- Unha **auxiliar administrativa:** M<sup>a</sup> Isabel Abad Cabanas
- Un **conserxe:** Manuel Diz Alonso
- Dúas **limpadoras:** M<sup>a</sup> Asunción Chans Vidal e M<sup>a</sup> del Carmen Cousillas Barcia

#### 1.3.5. Alumnado

O número total do **alumnado** para o curso 2024-2025 é de **283**, distribuídos en cada curso e grupo como se indica a continuación:

Grupo	Alumnado
1º ESO	32
2º ESO	19
3º ESO	23
4º ESO	17

Grupo	Alumnado
1º Bacharelato – A	18
1º Bacharelato – B	12
2º Bacharelato – A	14
2º Bacharelato – B	21
1º FPB Informática de Oficina	7
2º FPB Informática de Oficina	7
1º CM SMR	23
2º CM SMR	25+ 5 cursando só a FCT
CS DAW	60

É moi importante tamén o papel da Xunta de Delegados e Delegadas do alumnado, constituída polos delegados ou delegadas de cada grupo de alumnado e polos seus representantes no Consello Escolar. Unha vez elixido a delegada e delegado de cada clase constituirase a Xunta de Delegados e Delegadas e elixirase á súa presidencia, que actuará de voceira do alumnado ante os órganos que corresponda, promovendo o debate e a toma de decisións consensuadas entre o alumnado sobre os temas do seu interese.

#### 1.3.6. Grupos de traballo

Para este curso 2024-2025 están a funcionar os seguintes **grupos de traballo**:

- Xunta de Delegados/as
- Equipo de Dinamización Lingüística
- Equipo de Coordinación da Biblioteca
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Comisión de Convivencia
- Distintos plans Proxecta, Contratos Programa, Programas de Formación Permanente do Profesorado e Acción Formativa de Desempregados, que se especificarán no capítulo III da PXA.

### 1.4. Calendario de avaliacións

Na reunión ordinaria da Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o día 11 de setembro elaborouse unha proposta do calendario de avaliacións para o presente curso,

aprobada posteriormente ese mesmo día polo Claustro. Así, o calendario de avaliacións queda fixado como se indica a continuación:

AVALIACIÓN INICIAL	ESO, 1º FPB	2 outubro
	Bacharelato, 2º FPB, CM, CS	1 outubro

A data límite para a realización da sesión de avaliación inicial é 18 de outubro de 2024.

ESO		
AVALIACIÓN	DATAS	DÍAS
PRIMEIRA	18 decembro	68
SEGUNDA	9 abril	65
TERCEIRA + FINAL	23 xuño	45

Entre o 1 e o 11 de abril realizarase a avaliación de diagnóstico en 2º ESO.

1º Bacharelato		
AVALIACIÓN	DATAS	DÍAS
PRIMEIRA	17 decembro	67
SEGUNDA	10 abril	67
FINAL ORDINARIA	10 xuño	36
FINAL EXTRAORDINARIA <sup>1</sup>	23 xuño	8

(<sup>1</sup>) Os exames da avaliación final extraordinaria realizaranse os días 18, 19 e 20 de xuño

2º Bacharelato		
AVALIACIÓN	DATAS	DÍAS
PRIMEIRA	4 decembro	58
SEGUNDA	27 febreiro	48
FINAL ORDINARIA <sup>1</sup>	15 maio fin clase: 9 maio	41
PENDENTES <sup>2</sup>	7 abril	
FINAL EXTRAORDINARIA <sup>3</sup>	12 xuño	25

(<sup>1</sup>) Datas aproximadas, condicionadas ao calendario establecido para a PAU

(<sup>2</sup>) Con anterioridade á data da avaliación final ordinaria haberá que convocar ao alumnado con materias pendentes a unha proba final. A sesión de avaliación realizarase con anterioridade á das materias do segundo curso.

(<sup>3</sup>) Datas aproximadas, condicionadas ao calendario establecido para a PAU. Segundo esta previsión, os exames da avaliación final extraordinaria realizaríanse os días 9, 10 e 11 de xuño

1º FPB		
AVALIACIÓN	DATAS	DÍAS
PRIMEIRA	3 decembro	57
SEGUNDA	27 febreiro	49
TERCEIRA	15 maio	41
FINAL DE MÓDULOS ORDINARIA	9 xuño	17
FINAL DE MÓDULOS EXTRAORDINARIA *	23 xuño	9

(\*) Os exames da avaliación final extraordinaria realizaranse os días 18, 19 e 20 de xuño

<b>2º FPB</b>		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>DATAS</b>	<b>DÍAS</b>
<b>PRIMEIRA</b>	4 decembro	58
<b>SEGUNDA</b>	27 febreiro	48
<b>FINAL DE MÓDULOS *</b>	10 abril	27
<b>FINAL DE CICLO</b>	23 xuño	44

(\*) Data límite de comezo da FCT: 25 abril. (40 días)

<b>1º CM</b>		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>DATAS</b>	<b>DÍAS</b>
<b>PRIMEIRA</b>	17 decembro	67
<b>SEGUNDA</b>	10 abril	67
<b>TERCEIRA</b>	10 xuño	36
<b>FINAL DE MÓDULOS</b>	23 xuño	8

<b>2º CM</b>		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>DATAS</b>	<b>DÍAS</b>
<b>PRIMEIRA</b>	17 decembro	67
<b>SEGUNDA *</b>	3 abril	62
<b>FINAL DE MÓDULOS</b>	23 xuño	49

(\*) Data límite de comezo da FCT: 7 abril (52 días)

<b>1º CS</b>		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>DATAS</b>	<b>DÍAS</b>
<b>PRIMEIRA</b>	17 decembro	67
<b>SEGUNDA</b>	10 abril	67
<b>TERCEIRA</b>	10 xuño	36
<b>FINAL DE MÓDULOS</b>	23 xuño	8

A **recuperación das materias** pendentes será atendida polos departamentos, que organizarán e dividirán a materia de forma que se lle facilite ao alumnado a superación das mesmas. Na Comisión de Coordinación Pedagóxica valorarase a posibilidade de organizar unha semana de exames de materias pendentes, en función do número de alumnado e do número de materias en cada nivel.

A sesión de avaliación das materias pendentes realizarase na sesión de avaliación final ordinaria ou, se fose o caso, extraordinaria; para o alumnado do segundo curso de Bacharelato realizarase o 7 de abril, con anterioridade á sesión de avaliación final ordinaria, e, de ser o caso, na sesión de avaliación final extraordinaria.

A sesión de avaliación de cada curso estará dirixida polo titor ou titora correspondente, estando presentes nas mesmas o profesorado que imparten a materia en cada grupo.

Cada titor/a terá no seu poder ao comezo da avaliación as cualificacións das diferentes materias de todo o alumnado, informando do rendemento académico de cada un, así como os demais informes necesarios para o seguimento da avaliación.

Todas as decisións relativas ao proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado serán recollidas en acta e comunicaránselle ás familias.

## 2. HORARIO XERAL DO CENTRO

O horario do centro **durante o período lectivo** é o seguinte:

- De luns a venres, seis sesións de cincuenta minutos dende as 8:45 horas ata as 14:25 horas, con dous descansos de vinte minutos: o primeiro desde as 10:25 horas ata as 10:45 horas e o segundo desde as 12:25 horas ata as 12:45 horas.
- Na tarde do luns, dúas sesións de 50 minutos, desde as 16:30 horas ata as 18:10 horas, para todo o alumnado da ESO, Formación Profesional Básica e Bacharelato.
- Nas tardes do luns e do mércores tres sesións de 50 minutos, de 15:40 h a 18:10 h, para o alumnado de Ciclo Medio e de Ciclo Superior.
- O horario de administración durante o curso é de 9:00h a 14:00h de luns a venres e a tarde do luns de 16:30 a 18:10h.
- O alumnado do segundo curso de Formación Profesional Básica e do segundo curso do ciclo formativo de grao medio verá modificado o seu horario ordinario a partir do mes de abril para realizar o módulo de Formación en centros de traballo na empresa correspondente. Ademais, hai tamén 5 alumnos de ciclo medio que cursarán unicamente o módulo de Formación en centros de traballo en período extraordinario, polo que asistirán unicamente á empresa desde o 20 de setembro e ata o mes de decembro, cando rematarán a súa formación académica correspondente a este curso.

Durante os **períodos de recreo** o profesorado de garda vixiará os corredores do interior do edificio principal, o ximnasio, o patio exterior e a pista cuberta. Soamente o alumnado maior de idade poderá saír do recinto escolar durante os recreos.

O alumnado disporá de servizo de préstamo na Biblioteca do Centro, así como de servizo de cafetaría; esta última tamén permanecerá aberta os luns e mércores ao mediodía para que o alumnado que o desexe poida comer nela sen ter que desprazarse fóra do recinto escolar.

No **período estival**, durante o mes de xullo o horario de apertura do Centro e de atención ao público establécese desde as 9:00 ata as 14 horas, de luns a venres, e durante o mes de agosto realizarase unha atención ao público previa cita concertada telefonicamente ou mediante correo electrónico.

Por último, os **días non lectivos** solicitados polo centro á Xefatura Territorial, en coordinación (un deles) con CEIP Labarta Pose, para este curso son o venres 2 de maio e

o luns 10 de febreiro de 2025, que veñen a completar o calendario escolar do curso 2024-2025 establecido con carácter xeral:

## IES Maximino Romero de Lema

2024 – 2025

Setembro 2024							14
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
						1	
2	3	4	5	6	7	8	
9	10	11	12	13	14	15	
16	17	18	19	20	21	22	
23	24	25	26	27	28	29	
30							

Outubro 2024							22
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
	1	2	3	4	5	6	
7	8	9	10	11	12	13	
14	15	16	17	18	19	20	
21	22	23	24	25	26	27	
28	29	30	31				

Novembro 2024							20
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
				1	2	3	
4	5	6	7	8	9	10	
11	12	13	14	15	16	17	
18	19	20	21	22	23	24	
25	26	27	28	29	30		

Decembro 2024							14
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
						1	
2	3	4	5	6	7	8	
9	10	11	12	13	14	15	
16	17	18	19	20	21	22	
23	24	25	26	27	28	29	
30	31						

Xaneiro 2025							18
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
		1	2	3	4	5	
6	7	8	9	10	11	12	
13	14	15	16	17	18	19	
20	21	22	23	24	25	26	
27	28	29	30	31			

Febreiro 2025							20
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
					1	2	
3	4	5	6	7	8	9	
10	11	12	13	14	15	16	
17	18	19	20	21	22	23	
24	25	26	27	28			

Marzo 2025							18
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
					1	2	
3	4	5	6	7	8	9	
10	11	12	13	14	15	16	
17	18	19	20	21	22	23	
24	25	26	27	28	29	30	
31							

Abril 2025							16
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
	1	2	3	4	5	6	
7	8	9	10	11	12	13	
14	15	16	17	18	19	20	
21	22	23	24	25	26	27	
28	29	30					

Maio 2025							21
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
			1	2	3	4	
5	6	7	8	9	10	11	
12	13	14	15	16	17	18	
19	20	21	22	23	24	25	
26	27	28	29	30	31		

Xuño 2025							15
Lu	Ma	Mé	Xo	Ve	Sá	Do	
						1	
2	3	4	5	6	7	8	
9	10	11	12	13	14	15	
16	17	18	19	20	21	22	
23	24	25	26	27	28	29	
30							

- Inicio das clases
- Final do período lectivo
- Vacacións escolares
- Días non lectivos\*

(\*) A concesión dos días 10 de febreiro e 2 de maio como días non lectivos está pendente de aprobación pola Xefatura Territorial.

### 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

#### 3.1. Transporte escolar

As rutas de transporte escolar corren a cargo da UTE GALICIA LOTE 23, cuxo contrato é xestionado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Nelas viaxan nenos e nenas da ESO e de Bacharelato, aínda que en ocasións algún deste alumnado é transportado polos seus pais/nais. O alumnado de Bacharelato tivo que solicitar por escrito o transporte escolar, e a Consellería de Educación autorizará este transporte sempre que existan prazas libres.

Destacar que está solicitadas paradas a maiores e estamos á espera dunha resolución.

Asemade hai 2 empresas privadas de transporte que traen a alumnado de ESO e Bacharelato e que son contratadas polas familias.

Coma todos os cursos hai que prestar atención especial ao servizo de transporte escolar para que este se realice con todas as garantías marcadas pola lei en canto a horarios de chegada e recollida do alumnado transportado.

As diferentes rutas e paradas establecidas son as seguintes:

RUTA 1	RUTA 2	RUTA 3
Pedra Vixía Cacharoza O Allo A Cebola Xerne Anos Pazos – San Cremenzo	A Ponte de Baio A Piroga – Eroski A Devesa – Bamiro Bamiro O Ceán – Bamiro Oróns – Cruce Cheis Cruce Pazos Tines	Xunto ao Colexio O Chamberín Mestre Platas Igrexa – Baio Empalme Fornelos Fornelos

#### 3.2. Servizo de cafetería

O Centro dispón dun servizo de cafetería, que está xestionado por Dna. Victoria Pazos Rodríguez, en virtude da concesión deste servizo para os cursos 2024-2025 e 2025-2026. Este servizo está a disposición do alumnado e do profesorado durante o período lectivo, especialmente importante nos días nos que hai clase en horario de tarde e tamén durante os recreos.

#### 4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS

O **documento de recollida de datos** (DRD) é remitido polo servizo de informática da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e consta de dúas partes: a primeira fai referencia aos datos xerais de número de alumnos e profesores do centro e a segunda parte recolle outros datos estatísticos do centro. As dúas partes cumpriméntanse nunha aplicación informática no momento e prazos que indique a Consellería de Educación de Cultura, Educación e Universidade.

## CAPÍTULO II

### 1. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

O **documento de organización do centro** (DOC) recolle, entre outros datos, os horarios do profesorado, os horarios do alumnado, a ocupación das aulas, a relación de profesorado, de persoal non docente, ... Este documento remítese á inspección educativa utilizando os impresos xerados pola aplicación *XADE-Web*.

## CAPÍTULO III

### 1. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

#### 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental da educación é o pleno desenvolvemento da personalidade formada no respecto aos principios democráticos de convivencia e nos dereitos e liberdades fundamentais. Para acadar este fin, as actividades lectivas deben complementarse con outras que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos.

O elemento de diversión non debe ser o único que leve á realización das actividades complementarias e extraescolares. É posible por iso educar os/as alumnos/as para coñecer por que realizan unha determinada actividade, a programala e seleccionala en función das súas capacidades, intereses e finalidades, e a avaliar o rendemento acadado. Preténdese que todas as actividades aparezan ante os alumnos non xa como simple ocio, senón como un fenómeno cultural con implicacións sociolóxicas, culturais, estéticas, económicas... e que sexan capaces de valorar criticamente, asumindo as responsabilidades que supón a súa conserva e mellora como fonte de goce e recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.

#### 2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Considéranse **actividades complementarias** as organizadas polo Centro realizadas durante o horario escolar, de acordo coa Programación Xeral Anual, e que teñan un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan. Así se contemplan actividades como:

- Colaboración cos distintos Departamentos didácticos na realización de actividades disciplinares ou interdisciplinares (visitas, saídas, exposicións, conferencias...).
- Colaboración en iniciativas que sexan consideradas de interese común pola comunidade educativa: profesorado, alumnado, institucións (ANPA, Concello, Deputación), etc.
- Temas de interese transversal.
- Conmemoracións e efemérides: Habitualmente no centro véñense desenvolvendo actividades de distinta índole en datas sinaladas como o Samaín, o 25N, o Nadal, o Entroido ou a Semana Cultural, que contará coa participación de persoeiros das letras, obras de teatro, actividades físico-deportivas, conferencias, saídas culturais, etc.

Considéranse **actividades extraescolares** as organizadas polo Centro e realizadas fóra do horario escolar, encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu contorno e a procurar a formación integral do alumno en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, á preparación para a súa inserción na sociedade, no mercado laboral ou o uso do tempo libre. Estas actividades son voluntarias.

## 2.1. Obxectivos

- Específicos das distintas disciplinas académicas: serán os obxectivos que determinen os diferentes Departamentos didácticos, de acordo cos contidos das materias, a fin de proporcionar unha sólida formación nos distintos campos do saber.
- Obxectivos relacionados co fomento de bos hábitos de conduta para ter unha vida sa: prevención de accidentes, educación sexual, alimentación e nutrición responsable, actividade física e deportiva, hixiene...
- Educación para a convivencia: fomentar o respecto e a tolerancia fronte ás diferencias de raza, sexo, relixión... Adquirir habilidades sociais de convivencia en grupo, aceptación de normas e urbanidade. Favorecer a integración no grupo, no centro, co contorno, etc. Educación viaria. Fomentar o gusto por viaxar. Fomento do ocio activo e a utilización apropiada do tempo libre.
- Formación cultural: entender a cultura como un todo que englobe a formación científica, humanística e artística, integrándoas e interrelacionándoas. Fomentar unha actitude aberta e crítica ante os avances tecnolóxicos. É dicir, contribuír ao pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades dos/das alumnos/as.
- Medio ambiente: fomentar o respecto e protección do medio natural e urbano.
- Permitirlle poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Achegar experiencias distintas ao traballo na aula.
- Cohesionar os distintos estamentos educativos.
- Organizar as viaxes culturais tendo en conta a súa finalidade educativa e

procurando que non se convertan en meras excursións de lecer. As actividades terán un fundamento educativo, cultural ou deportivo, favorecendo a integración e convivencia entre os alumnos/as e o profesorado.

- Facer unha oferta equilibrada de actividades para tódolos niveis, evitando o exceso ou falta de actividades en grupos determinados.
- Fomentar a implicación de todos os membros da comunidade educativa na planificación e na práctica das actividades.
- Intentar contar coa colaboración das nais e pais do alumnado na realización de actividades e facilitarlles aquelas que queiran organizar eles e sexan factibles.

## **2.2. Normas de funcionamento**

- As actividades complementarias e extraescolares programadas van dirixidas a todo o alumnado do instituto.
- O alumnado e as nais/pais recibirán con tempo suficiente a información dos profesores/as organizadores/as da actividade acerca da data, duración, destino da mesma e obxectivos que se perseguen. Aos/ás pais/nais comunicaráselle a través de Abalar.
- A realización das actividades comunicarase con antelación suficiente á Vicedirección. Dende Vicedirección facilitarase a súa realización a condición de que sexan viables as datas, horarios, orzamentos e, sempre, unha vez confirmadas polas institucións responsables. O profesorado encargado recollerá as autorizacións asinadas polas familias e entregaranas en Vicedirección. A organización das actividades farase con tempo suficiente antes da súa realización. O profesorado organizador elaborará a lista final do alumnado autorizado e informará á Vicedirección, quen, á súa vez, informará ao profesorado implicado. En caso de incumprimento destas normas pode suspenderse a actividade.
- Todas as actividades deben estar na programación dos Departamentos ou da Vicedirección e aprobadas polo Consello Escolar antes de realizarse.
- Ningún/ningunha alumno/a poderá asistir a unha actividade extraescolar sen a previa autorización asinada pola familia.
- Como norma xeral acompañará o alumnado un profesor/a por cada 20 alumnos/as.
- Deberase optimizar o número de alumnos/as por autobús, implicando cando sexa

posible a varios departamentos, para que o alumnado asuma o menor custo.

- O centro colaborará co departamento organizador para asumir os custos de transporte e outros adicionais, como entradas, guías, monitores...O alumnado achegará unha cantidade máxima de 6 €.
- Ningún/ningunha alumno/a deixará de participar nunha actividade por motivos económicos, pois nese caso o centro asumiría o gasto.
- A participación das actividades extraescolares e complementarias estará supeditada a que o/a alumno/a non teña ningunha sanción disciplinaria, segundo se recolle nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.
- Evitarase programar actividades extraescolares en datas previstas para exames.
- Así mesmo intentarase a non acumulación de actividades nun día.
- A actividade lectiva anterior e posterior á actividade desenvolverase con total normalidade.

### 3. ACTIVIDADES PROGRAMADAS POR DEPARTAMENTOS

A continuación detállanse as actividades complementarias e extraescolares programadas polos distintos Departamentos. Engadiranse a estas actividades todas aquelas que os diferentes Departamentos consideren oportunas nun momento determinado sempre e cando sigan os procedementos comentados.

#### 3.1. DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Saídas pola contorna do Centro. Actividade dedicada á aplicación do debuxo artístico e á fotografía en relación coa natureza e o patrimonio cultural local.	TODOS	Por determinar
Visitas á exposicións en museos ou outras entidades.	TODOS	Sen determinar
Asistencia á conferencias/charlas.	TODOS	Sen determinar
Excursións a outros concellos ou cidades.	TODOS	Sen determinar
Participación en concursos artísticos.	TODOS	Sen determinar
Participación na decoración e elaboración de material artístico para actividades de conmemoración	TODOS	Sen determinar

### 3.2. DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Conferencias de divulgación científica.	TODOS	Sen determinar
Participación en programas educativos e concursos que xurdan ao longo do curso.	TODOS	Sen determinar
Saídas polas proximidades para o estudo de elementos do medio natural.	TODOS	Sen determinar
Saídas a concellos da comarca para o estudo de elementos do medio natural.	TODOS	Sen determinar
Visita aos Museos Científicos da Coruña.	1º, 3º e 4º ESO, 1º BACH	Sen determinar
Visita ao Museo de Historia Natural en Santiago de Compostela e roteiros verdes da USC.	1º, 3º ESO	Sen determinar
Itinerario biolóxico e xeolóxico.	4º ESO / 1º BACH	Sen determinar
Obradoiro: Educación afectivo-sexual organizado por <i>Quérote+</i>	3º ESO	Sen determinar
Participación no Día da Ciencia na Rúa e na Feira Matemática	TODOS	Sen determinar
Participación en conferencias e visitas a centros de investigación en Santiago de Compostela e/ou Lugo co programa <i>A Ponte</i> da USC.	4º ESO 1º, 2º BACH	Sen determinar

### 3.3. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Visita a un empresa ou a un viveiro de empresas	4º ESO, 1º e 2º BACH	Todo o curso
Participación en talleres e concursos relacionados coa economía	4º ESO, 1º e 2º BACH	Todo o curso
Actividades, charlas, visitas, talleres relacionados coa Aula de Emprendemento	1º e 2º FPB, 1º e 2º Ciclo Medio, 1º e 2º Ciclo Superior	Todo o curso

### 3.4. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Participación en XOGADE no programa <i>Actividade Deportiva Escolar</i> , acudindo a competicións comarcais de diferentes deportes e realizando xornadas deportivas competindo contra	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Todo o curso.

outros centros.		
Participación no programa <i>Coñece o meu Club de Surf</i> .	1º e 2º ESO, 1º BACH	2º ou 3º trimestre.
Xornada patinaxe sobre o xeo (Vimianzo)	1º e 2º ESO, 1º BACH	1º trimestre.
Visita ao Museo Etnolúdico de Galicia (MELGA) de Ponteceso.	1º ESO	2º ou 3º trimestre
DRAGÓNS (piragüismo colectivo)	2º ESO	A determinar
Exposición/táboa redonda " <i>Mulleres deportistas na Costa da Morte</i> ".	2º, 3º, 4º ESO e/ou 1º BACH	2º ou 3º trimestre.
<i>Coñece ao meu Club de Atletismo</i>	3º ESO	A determinar
<i>Coñece ao meu Club Tennis de Mesa</i>	3º ESO	A determinar
Sendeirismo nos Penedos de Traba ou ruta dos faros	3º ESO	3º trimestre
Aprendizaxe de deportes de inverno (esquí, snow)	3º ESO e 1º BACH	2º trimestre
<i>Coñece o meu Club Boxeokarate/taekwondo</i>	4º ESO	A determinar
<i>Coñece o meu Club Fútbol</i>	4º ESO e 1º BACH	A determinar
<i>Móvete ao Son da Saúde</i> : actividades físico- deportivas no tempo de lecer.	TODOS	Todo o curso
<i>Olímpicos de exhibición</i> (competicións organizadas por 1ºBACH)	TODOS	2º trimestre
Plan Proxecta <i>Aliméntate Ben</i> : charlas sobre alimentación e vida saudable. Almorzos saudables.	TODOS	1º trimestre
Xogos tradicionais (competicións organizadas por 4º ESO)	TODOS	3º trimestre
Saída de orientación na carballeira de Baio e na contorna.	TODOS	3º trimestre
Xornada sobre rodas (ciclismo, duatlon, patinaxe)	TODOS	2º trimestre/ Día da EF na rúa
Excursión á neve	BACH/ ESO	2º trimestre
Xornada de intercambio deportivo con IES da contorna	1º BACH	A determinar
Iniciación ao kayak de mar ou bautismo de mar en mergullo	4º ESO, 1º BACH	3º trimestre

### 3.5. DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Obra teatral <i>Té con Kant</i> .	BACH	Por determinar

### 3.6. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Proxección de documentais, series ou filmes relacionados co mundo da Física e Química e as novas tecnoloxías.	TODOS	Sen determinar
Conferencias, charlas e talleres relacionados co mundo da Física e Química e as novas tecnoloxías.	TODOS	Sen determinar
Excursións e saídas didácticas a museos científicos (MUNCYT, Casa das Ciencias, Domus, Galiciencia, Tecnópole, Sotavento...). Algunhas delas en colaboración do departamento de Bioloxía.	TODOS	Sen determinar
Obradoiro de papiroflexia en colaboración co departamento de Matemáticas.	TODOS	Sen determinar
Roteiro para estudar a biodiversidade presente nunha reserva ou parque natural e visita a diferentes monumentos arquitectónicos.	TODOS	Sen determinar
Saídas á contorna do Instituto, concretamente ao Río Grande, á Carballeira de Baio ou a Pedra Vixía.	TODOS	Sen determinar
Coordinación do <i>Club de Ciencias</i> do Centro e organización das actividades incluídas no mesmo.	TODOS	Todo o curso
Día da Ciencia na rúa na Coruña en colaboracións cos departamentos de Bioloxía e Matemáticas	TODOS	3º trimestre
Feira Matemática en colaboración co departamento de Matemáticas	TODOS	2º ou 3º trimestre

### 3.7. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Saídas ao cine ou ao teatro.	Por determinar	Todo o curso
Visita a exposicións.	Por determinar	Todo o curso
Intercambio co Collège Villebois Mareuil	2º, 3º, 4º ESO	Abril, Maio
Saídas na contorna no Proxecto Competencial	1º ESO	Todo o curso

### 3.8. DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
STEAMdomus Outono – A Coruña	3º e 4º ESO, BACH e Ciclos	1º/ 2º trimestre

<i>¿Qué es para ti el 017? INICIBE</i>	3º e 4º ESO	1º e 2º trimestre
<i>Tecnólogo por un día. Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia.</i>	1º e 2º CM e 4ºESO	3º trimestre
Programa EduTecEmprende no marco do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo.	Ciclo Medio	2º e 3º trimestre
Participación en <i>Galicia Skills</i> .	2º CS	Todo o curso
Concurso <i>Maker Faire Galicia</i> .	FPB, CM e CS	Maio ou xuño
Actividades da <i>Aula Emprendemento</i> : charlas, visitas a viveiros de empresas, asesoramentos de emprendedores.	Ciclo Medio e Superior	1º trimestre
Visita a CPD dalgunha empresa da Coruña e de Santiago.	FPB, Ciclo Medio e Superior.	Por determinar
Visita ás instalacións de SOGAMA	1º Ciclo Medio	Por determinar
Participación en varios programas con Altia: charlas, visitas ás instalacións, talleres.	FPB, CM, CS e BACH	Por determinar
Charlas relacionadas coas TICs e a seguridade.	TODOS	Por determinar
Charlas de exalumnos ou profesionais do sector.	FPB, Ciclo Medio e Superior. BACH	Por determinar
Participación no FPIInnova.	FPB e Ciclo Medio	Por determinar
Participación no festival Foco.	1º BACH	Do 17 ao 20 de outubro
Participación en diferentes concursos e certames que conleven saídas co alumnado.	3º e 4º ESO, BACH e Ciclos	Todo o curso

### 3.9. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Actividade relacionada coa cultura anglosaxona ou algunha conferencia ou charla con algún ponente nativo dalgún país de fala inglesa a fin de que o alumnado teña un contacto máis directo cunha situación de comunicación real na teña a oportunidade de empregar a lingua estranxeira que está a aprender.	TODOS	Por determinar
Saídas ao cine ou teatro en inglés.	TODOS	Por determinar

Proxección de películas en versión orixinal.	TODOS	Ao longo do curso
Participación no Contrato Programa de Fotografía.	TODOS	Ao longo do curso
Participación en actividades do Club de Ciencia.	TODOS	Ao longo do curso
Participación nas actividades da Biblioteca con libros en lingua inglesa pertencentes ao Club Bookworms.	TODOS	Ao longo do curso
Colaboración coas actividades propostas do Plan Proxecta sobre Alimentación e Vida Saudables.	TODOS	Ao longo do curso
Actividade relacionada coa cultura anglosaxona na que se preparará unha sesión tradicional de <i>English Tea</i> con aperitivos e sobremesas preparados polo alumnado e profesorado.	TODOS	Por determinar
Intercambio de cartas por correo postal cun instituto de fala inglesa para fomentar a comunicación na lingua estranxeira.	ESO	Ao longo do curso

### 3.10. DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Certame de Teatro Clásico organizado pola Sección de Estudos Clásicos de Galicia en colaboración co Dpto de Xeografía e Historia (aproveitarase para visitar monumentos na cidade de representación do teatro.	4º ESO 1º e 2º BACH	2º ou 3º trimestre
Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos en Santiago	1º BACH	Mes de maio
Viaxe a Grecia do alumnado de Grego de 1º e 2º BACH	1º e 2º BACH	Vacacións de Entroido (marzo)
Visita a restos romanos na provincia de Ourense	1º e 2º BACH 4º ESO	Fin de semana de maio / xuño
Representacións teatrais coa compañía <i>Ahora mis mitos</i>	1º e 2º BACH 4º ESO	Decembro ou febreiro.

### 3.11. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Encontros con escritores/as	TODOS	Ao longo do curso
Asistencia a representacións teatrais, espectáculos e a	TODOS	Ao longo do

proxeccións de cine relacionadas coa materia.		curso
Charlas e obradoiros relacionados co contido da materia	TODOS	Ao longo do curso
Excursións didácticas.	TODOS	Ao longo do curso
Participación en concursos literarios.	TODOS	Ao longo do curso
Club de creación literaria e/ou Club de lectura	TODOS	Ao longo do curso

### 3.12. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Encontros con escritores/as.	TODOS	Ao longo do curso
Asistencia a representación teatrais, espectáculos ou a proxeccións de cine en galego.	TODOS	Ao longo do curso
Participación en roteiros literarios, fotográficos.	TODOS	Ao longo do curso
Participación nos distintos actos conmemorativos realizados no Centro: 25N, Día da Muller, Nadal, Entroido...	TODOS	Ao longo do curso
Colaboración nas actividades propostas dende a Biblioteca, Clubs de Lectura e Equipo de Dinamización Lingüística.	TODOS	Ao longo do curso
Participación nos Polos Creativos.	TODOS	Ao longo do curso
Participación nas actividades do <i>Club de Ciencia</i> .	TODOS	Ao longo do curso

### 3.13. DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Participación no Club de Ciencias; nos Polos Creativos, no Contrato Programa Innova de Fotografía e no de Hábitos de vida saudables.	TODOS	Ao longo do curso
Feira matemática.	TODOS	Sábado do 3º trimestre
Olimpíada matemática.	4ºESO BACH e	Decembro ou xaneiro

Olimpíada matemática galega.	2º ESO	Sen determinar
Probas de ESTALMAT.	1º ESO	Sábado de xuño
Concurso "Matemáticas na Raia".	3º ESO	Marzo
Concurso " Incubadora de sondaxes e experimentos"	TODOS	Ao longo do curso
Feira da Ciencia	TODOS	Sábado do 3º trimestre

### 3.14. DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Visitas a museos en Galicia, España e no estranxeiro	TODOS	Por determinar
Visitas a igrexas, mosteiros e catedrais en Galicia, España e no estranxeiro	TODOS	Por determinar
Visitas a obradoiros de instrumentos musicais	TODOS	Por determinar
Asistencia a ensaios de agrupacións musicais	TODOS	Por determinar
Asistencia a espectáculos de música, teatro e danza en Galicia, España e no estranxeiro	TODOS	Por determinar
Obradoiro de gravación de música para audiovisual	TODOS	Por determinar
Obradoiros de música e baile tradicional	TODOS	Por determinar
Obradoiros instrumentais e vocais de distintos estilos	TODOS	Por determinar
Coordinación e participación das actividades a realizar polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega	TODOS	Por determinar

### 3.15. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Non ten programadas actividades.
----------------------------------

### 3.16. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Visita a algunha das parroquias do alumnado	TODOS	Sen determinar

Visita á Catedral de Santiago	TODOS	Sen determinar
Visita a un mosteiro	TODOS	Sen determinar
Visitas a un belén artesá	TODOS	Decembro
Convivencia con alumnado doutros centros	TODOS	Sen determinar
Participación en actividades e visitas a lugares de interese cultural-relixioso.	TODOS	Sen determinar

### 3.17. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Non ten programadas actividades.
----------------------------------

### 3.18. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Visitas e roteiros histórico-arqueolóxicos pola contorna.	ESO e BACH	Ao longo do curso
Visitas culturais dentro e fóra de Galicia	ESO e BACH	Ao longo do curso
Certame de Teatro clásico grecolatino org. SEEC xunto co dpto Latín e Grego	BACH	2º / 3º trimestre
Visita cultural a Santiago para ver catedral, a zona histórica, o Museo do Pobo Galego e o CGAC (tratarase de facela coincidir con algunha exposición relevante ou colaborando con outros departamentos).	BACH	2º / 3º trimestre
Asistencia a proxección cinematográficas, visita a institución culturais, charlas e obradoiros.	TODOS	Ao longo do curso
Visita á Coruña: museo BB.AA. e exposicións coincidentes	2º BACH	Sen determinar (2º/3º trimestre preferentemente)

## 4. OUTRAS ACTIVIDADES

### 4.1. BIBLIOTECA

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
------------	-------	------

Formación de usuarios.	1º ESO	Setembro
Encontros literarios con diferentes autores e autoras.	TODOS	Todo o curso
Organización de concursos diversos para mergullarse no mundo cultural.	TODOS	Todo o curso
Participación en concursos, certames e premios organizados dende fóra do Centro así como nas saídas que conleven.	TODOS	Todo o curso
Organización da Hora de Ler.	ESO	De outubro a maio
Roteiros literarios por dentro e fóra de Galicia.	TODOS	Sen determinar
Obradoiros e exposicións de temáticas variadas.	TODOS	Sen determinar
Lecturas compartidas e dramatizadas.	TODOS	Sen determinar
VII Mes do Libro.	TODOS	Abril
Celebracións das diferentes conmemoracións relacionadas co eido literario ao longo do ano ( <i>Día das Escritoras, Día das Bibliotecas Escolares, Día da Ilustración, Día da Poesía, Día do Teatro, Día do Libro Infantil e Xuvenil, Día do Libro</i> ).	TODOS	Todo o curso
Espazo creativo: talleres de origami, creación coa impresora 3D...	TODOS	Todo o curso
Saídas culturais do Club de Lectura e encontros con Clubs de Lectura doutros centros.	Membros do Club de Lectura	Sen determinar
Xuntanzas de todos os membros dos clubs que conforman o Club de Lectura <i>Baiolendo</i> : Benvida, finalización de trimestre e clausura do mesmo.	Membros do Club de Lectura	Sen determinar
Participación ou organización de actos para os días que están marcados no calendario escolar achegando unha visión o máis literaria posible ( <i>O Samaín, Día dos Dereitos dos Nenos, Día da Paz, Día de Rosalía, Día da Lingua Materna, Día contra a Violencia de Xénero, Día da Muller Traballadora...</i> )	TODOS	Todo o curso
Produción de material audiovisual para a promoción de libros ou traballos sobre a lectura realizados polo alumnado.	TODOS	Todo o curso
Organización, na medida do posible, de concursos nos que o alumnado poida familiarizarse coa biblioteca e o material que nela se atopa.	TODOS	Todo o curso
Actividades de promoción das novidades editoriais adquiridas e das actividades da Biblioteca a través de redes sociais (Instagram, Facebook, Blog da Biblioteca, Páxina Web do Centro, Tik-tok...).	TODOS	Todo o curso

## 5. ACTIVIDADES DE VICEDIRECCIÓN

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
XIX Semana Cultural.	TODOS	Por determinar
Exposicións diversas	TODOS	Todo o curso
Obras de teatro.	TODOS	Todo o curso
Proxeccións de películas de cine.	TODOS	Todo o curso
Campaña de concienciación: solidariedade, reciclado, mantemento do centro, hábitos saudables...	TODOS	Todo o curso
Aulas ao aire libre.	TODOS	1º e 3º trimestre
Concertos.	TODOS	Por determinar
Andaina polos arredores do centro.	TODOS	Por determinar
Comemoración de días significativos no calendario escolar: O Samaín, Día dos Dereitos dos Nenos, Día da Paz, Día de Rosalía, Día da Lingua Materna, Día contra a Violencia de Xénero, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas...)	TODOS	Todo o curso
Semana da saúde. Celebración do Día Mundial da Actividade Física (6 de abril) e do Día Mundial da Saúde (7 de abril) con actividades de divulgación como charlas e recomendacións sobre estilos de vida saudables e medicións da condición física saudable e da postura.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	Semana do 4 ao 8 de abril.
Talleres e charlas sobre temáticas diversas: hábitos de vida saudables, fotografía, PLAN DIRECTOR, sexualidade, suicidio, drogas....	TODOS	Todo o curso
Almorzos saudables	TODOS	1º e 2º trimestre
Xornadas de Xogos Populares Galegos	ESO	Por determinar
Talleres de prevención de drogas <i>DI K NON</i>	4ºESO, BACH E CICLO MEDIO	Por determinar
Acto de graduación do alumnado de 2º de Bacharelato	TODOS	3º trimestre
Gymkana propoñendo retos de distinta natureza e temática.	TODOS	Por determinar
Xantar popular.	TODOS	Por determinar
Encontro de mulleres galegas destacadas en distintos eidos.	3º, 4º ESO; 1º Bach	Marzo
Excursión de 4º ESO	4º ESO	Por determinar

## 2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

O noso centro está situado nun contorno rural que está sufrindo unha progresiva desgaleguización, acelerada nos últimos anos. Detéctase tamén un comportamento diglósico consistente nun prexuízo á hora de utilizar a nosa lingua en ámbitos alleos ou que se consideran "cultos".

Ao longo do curso 2024-2025 intentárase entre outras cousas, incrementar a presenza da lingua galega e aumentar o seu prestixio na Comunidade Educativa, dende o coñecemento e o sentimento, tanto nas relacións interpersoais como nas relacións externas (con familias, empresas e outras institucións da contorna); conseguir que os galegofalantes coñezan todas as posibilidades desta lingua; intentar incorporar novos falantes; eliminar os prexuízos existentes sobre o uso do galego; amosar que esta lingua está presente no mundo moderno e fomentar o seu uso nas comunicacións informais do alumnado nas redes sociais; promover unha visión afable e útil da lingua galega que favoreza unha maior estima e uso por parte do alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa...

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega é o seguinte:

### PROFESORADO:

- Hortensia Román González
- Ana Facal Maroñas
- Pablo Balsas Barbeira

### ALUMNADO:

- Alicia Castiñeira Rosríguez
- Laura Ferreiro Suárez
- Henry Chie Sa Amorín
- Leticia Vázquez Castiñeira

### PERSOAL NON DOCENTE:

- Isabel Abad Cabanas

### COORDINADOR:

- Alberto Coya Otero

Adxuntamos a programación de actividades para o curso 2024-2025.

ACTIVIDADE	CURSO	DATA
Elaboración dun calendario anual para as dependencias do centro.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	1º ou 2º trimestre
Música en galego: actuacións, elaboración de curtas e renovación de fondos musicais.	TODOS	Ao longo do curso
Realización da revista escolar.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	Ao longo do curso
Obradoiro de Poesía e Natureza	ESO	2º e 3º trimestre
Concurso de curtas na defensa do galego.	TODOS	Ao longo do curso
Conferencias relacionadas co fomento da lingua galega.	TODOS	Ao longo do curso
Asesoramento lingüístico á Comunidade escolar.	TODOS	Ao longo do curso
Commemoración de datas significativas: <i>Día de Rosalía, Día da Lingua Materna, Día das Letras Galegas...</i>	TODOS	Ao longo do curso
Selección de música en galego para as entradas, saídas e nos recreos, así como a difusión das letras e autoría dos temas musicais.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	Ao longo do curso
Divulgación dos traballos en galego do alumnado (revista e vídeos) na titoría.	ESO, FPB	1º trimestre
Adquisición de material relacionado coa lusofonía.	TODOS	Ao longo do curso
Actividade medioambiental: campaña de reciclaxe.	TODOS	Ao longo do curso
Curso de portugués.	TODOS	Ao longo do curso
Obradoiro xornalístico.	TODOS	Ao longo do curso
Plantación de árbores autóctonas.	1º e 3º ESO	Ao longo do curso
Concurso sobre aspectos relacionados co cultura galega.	TODOS	Ao longo do curso
Divulgación na páxina web do centro e no blog da Biblioteca de enlaces de páxinas web educativas como dicionarios, bibliotecas virtuais, AELG...	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	1º trimestre
Actividade medioambiental en galego: guía interpretativa das árbores autóctonas do Centro: ESO e FPB	ESO e FPB	Ao longo do curso
Canle youtube sobre o correcto uso de termos informáticos en galego.	TODOS	Ao longo do curso

### 3. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Este *Plan de Formación do Profesorado* preséntase como unha ferramenta de planificación e mellora da calidade de ensino no noso Centro. A través do mesmo preténdese responder ás necesidades de formación demandadas polos distintos colectivos docentes de acordo cos obxectivos e as liñas de traballo establecidas. Inténtase dar resposta ás necesidades formativas dos e das docentes deste Centro, ou as derivadas da implantación de determinadas medidas de mellora do sistema educativo na actualidade e que son necesarias para o desenvolvemento do currículo.

O *Plan de Formación do Profesorado* é o elemento do Proxecto Educativo no que o propio profesorado planifica e articula as actuacións que, respecto da súa formación, considera necesarias para a atención das necesidades detectadas no contexto do propio Centro e para a elaboración e desenvolvemento das Programacións Didácticas.

O noso Centro leva nos últimos anos ofrecendo ao profesorado e alumnado a participación en diversas actividades e proxectos educativos (Plan Proxecta, Contrato-Programa Innova, Plan de Mellora da Biblioteca Escolar, Club de Lectura, Revista do Centro, Club de Ciencias, Grupo de Teatro); o presente curso comezamos cos Polos Creativos que terán unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc....). O obxectivo fundamental de todas estas actividades é converter o Centro nun espazo de formación, encontro, participación e compromiso. Para iso contamos coa opinión, colaboración e participación de todos os sectores da comunidade educativa, implicándoos na organización e desenvolvemento das actividades.

Os obxectivos xerais que se pretenden cubrir con este plan son os seguintes:

- Desenvolver as áreas de actuación prioritarias marcadas pola Consellería de Educación para o ano en curso en materia de formación.
- Facilitar ao profesorado a formación e asesoramento necesario para o desenvolvemento dos currículos contribuindo a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe nas distintas áreas e materias e a súa contribución á adquisición das competencias básicas necesarias para unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Fomentar a cultura do traballo en equipo, a toma de decisións e os acordos compartidos, así como o intercambio de boas prácticas profesionais xerando unha actitude de

reflexión permanente sobre a práctica docente e as súas implicacións educativas e sociais.

- Apoiar o desenvolvemento de modelos educativos e estratexias de ensino-aprendizaxe que permitan dar resposta á diversidade e á atención personalizada do alumnado, contribuíndo ao incremento da equidade e a igualdade de oportunidades para todas as persoas.
- Facilitar mediante actuacións específicas de formación, asesoramento e a confluencia de soportes tecnolóxicos e materiais en distintos formatos, os procesos de innovación, os plans e programas de cambio educativo e de mellora da organización escolar desenvolvidos nos centros educativos considerados estes como referentes de todo o proceso formativo.

Para a elaboración do plan de seguimento e avaliación do Plan de Formación realizaremos secuencialmente os seguintes puntos:

- Informar ao profesorado nos Claustros e por correo electrónico das actividades que oferta o CAFI ou calquera outra entidade que propoña unha formación educativa.
- Informar na CCP do *Plan de Formación do Profesorado* para este curso.
- Levar a cabo o proceso de detección de necesidades de formación no Centro.
- Reunión cos asesores do CEFORE de Vimianzo para analizar e concretar as propostas de formación xurdidas do estudo de necesidades dentro das diferentes modalidades de formación á nosa disposición.
- Elaboración do calendario do seguimento do Plan de Formación.
- Seguimento do Plan de Formación.
- Finalmente, procederase á avaliación deste Plan de Formación e o establecemento de propostas de mellora a partir da valoración da mesma para o próximo plan que se deseñe.

Neste curso académico os seminarios, cursos e xornadas de formación do profesorado que se materializan no noso IES son:

### **1. Plan Proxecta+**

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos da Administración Autonómica dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros públicos a través

de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

Este ano o noso Centro participa en catro Plans Proxecta+, implicándose neles parte do Claustro.

- Proxectos de vida activa e deportiva
- Nutriescolas
- Consumópolis
- Parlamento xove

## **2. Programas de Éxito Educativo**

- EduExchanges
- Club de Ciencia
- Polos Creativos

## **3. CUALE**

### **4. Plan de formación permanente do profesorado**

**4.1.** Neste curso o Departamento de Informática continúa cos seguintes itinerarios de Competencia Dixital.

**4.1.1. Mellora dos Sistemas dos Ciclos de Informática** para mellorar a xestión das redes informáticas no Centro Educativo e, ao mesmo tempo, camiñar cara á formación do profesorado nas novas tecnoloxías.

**4.1.2. Deseño e Impresión 3D e Introducción ao Manexo de Drons** para fomentar o uso das impresoras 3D e o manexo de drons no Centro e capacitar ao profesorado en habilidades STEM.

### **4.2. Club de Ciencia**

Este ano continuamos co *Programa de Innovación Educativa Club de Ciencias* no que están representados gran parte dos Departamentos. Dito programa busca canalizar as vocacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía e Matemáticas) mediante o emprego de metodoloxías de traballo baseadas na indagación: o método científico. Centrarémonos, sobre todo, nos proxectos de medición de CO<sub>2</sub> na aulas, na reciclaxe e na contaminación lumínica como axuda no coidado do medio ambiente.

Continuamos coas actividades que se iniciaron o curso pasado relativas á cociña con ciencia, aos mitos na alimentación e, á química e a beleza.

#### **4.3. Innovación e dinamización da Biblioteca**

O Equipo da Biblioteca xunto con outros membros do Claustro continúa con esta proposta de traballo iniciada o curso pasado co obxectivo de deseñar estratexias para a innovación e dinamización da Biblioteca escolar como centro de aprendizaxes e como motor de dinamización cultural do centro.

Dentro desta liña desenvolveremos o **Espazo Educar Familias**, un proxecto de formación experimental, que xa iniciamos en anos anteriores, para intentar establecer lazos de unión entre as familias e a comunidade educativa. A nosa intención é organizar unha serie de obradoiros e charlas, con temas diversos que poidan interesar ás familias, á vez que se promoven espazos de encontro de nais e pais.

#### **4.4. Polos Creativos**

Desenvolveranse diferentes actividades formativas para o profesorado en relación ao coñecemento, manexo e aplicación didáctica do material do programa Polos Creativos.

## 4. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

Para a programación e desenvolvemento da FCT seguirase a normativa en vigor, a Orde de 28 de febreiro de 2007.

O módulo ten a mesma estrutura que o resto dos módulos dos ciclos (capacidades, contidos, criterios de avaliación), coa diferenza que se desenvolve en empresas, nun ámbito produtivo real, onde os alumnos poden observar e desempeñar as actividades propias dos distintos postos de traballo do perfil profesional correspondente e da organización dos procesos produtivos.

A finalidade da organización deste programa de FCT é a de permitirlle aos alumnos completar as competencias e capacidades que se lles pedían cando comezaron os estudos e así obter o aprobado total no ciclo, e favorecer a súa inserción no mundo laboral no sector profesional correspondente.

### **Coordinación FCT e funcións xerais**

O docente responsable da coordinación de tódolos aspectos relativos á FCT é Gonzalo de Castro-Acuña Vidal, profesor que imparte docencia neste centro, e que pertence ao Departamento de Informática.

Dentro das funcións máis importantes desta coordinación, estarían as de busca de empresas, sinatura de convenios de colaboración con empresas, elaboración de toda a documentación relativa á FCT, participar no seguimento da FCT, solicitude de axudas, resolver solicitudes de exención, etc.

### **Alumnado implicado**

A determinación do número de alumnos que acceden á FCT non se pode establecer nun principio, pois depende do número de alumnos que aproben o segundo curso dos ciclos (marzo e abril de 2025).

Tamén hai que ter en conta que poden facer a FCT alumnos aprobados outros anos, ben en xuño ou ben que decidiron retrasar a súa realización (por temas familiares, laborais, ....), e poden optar por facela neste curso académico 2023-2024.

Actualmente, o número de alumnos e alumnas matriculados nos segundos cursos é o seguinte:

Ciclo Formativo	Número de alumnos
Grao Medio en Sistemas Microinformáticos e Redes	30
Grao Básico en Informática de Oficina	7

No momento da elaboración desta programación só se pode detallar o destino do alumnado do período setembro-decembro 2024:

Alumnado	Ciclo	Empresa
Pablo Ferreiro Amado	CFGM SIMIRE	Jevaso
Pablo Méndez Añón	CFGM SIMIRE	Concello de Vimianzo
Adrián Negreira Otero	CFGM SIMIRE	Eme Computer
Jonathan Ruíz Sánchez	CFGM SIMIRE	Grupo Gontad-Aguirra SL
Juan Marcos Santos Cotelo	CFGM SIMIRE	Confraría de pescadores de Malpica

### Empresas colaboradoras

O Centro mantén unha listaxe de empresas e Concellos cos cales normalmente existen colaboracións anuais.

A selección das empresas a onde irá o alumnado corresponderalle o coordinador de FCT, tendo en conta as preferencias do alumnado (non vinculantes), as suxestións dos titores dos ciclos e a idoneidade de medios e recursos das empresas para a consecución das finalidades establecidas nos currículos. Tamén se valorarán os antecedentes das empresas e a posibilidade de incorporación do alumnado ao persoal das mesmas unha vez finalizada a FCT.

### Información a titores e alumnado

No IES Maximino Romero de Lema, actualmente, a figura do titor FCT recae na mesma persoa que ten o cargo de Coordinador FCT.

Antes da realización da FCT, ao alumnado implicado ofreceráselle unha charla explicativa relativa aos aspectos máis importantes da mesma: lexislación, obrigas, desenvolvemento, becas, documentación, etc ... que poderá ser individual ou en grupo.

## **Axudas FCT ao desprazamento**

Dentro das actividades de coordinación de FCT, xestionarase a solicitude de axudas para alumnos que cada ano convoca a Consellería de Educación. Estas axudas, cuxa contía xa ven determinada na correspondente Orde, proceden do Fondo Social Europeo e da Xunta de Galicia, e estarán dedicadas a financiar o desprazamento do alumnado.

A solicitude realizarase nos prazos establecidos, de acordo coa Orde publicada pola Consellería ao efecto. Isto coincidirá coa estancia dos alumnos nas empresas.

Actualmente non terán dereito os alumnos que fagan as prácticas ou residan no mesmo Concello onde estea o Centro de Traballo.

## **Dietas FCT**

O coordinador FCT (e os titores de curso, se existen por separado da figura do Coordinador), cando teñan que desprazarse ás distintas empresas, terán dereito á solicitude das dietas establecidas polo centro educativo para sufragar os mencionados desprazamentos. Os mesmos deberán ser obxecto de xustificación. As contías para as mesmas contrólanse segundo as directrices fixadas polo centro educativo e dedúciense da dotación económica dos ciclos formativos.

## **Duración das prácticas**

No currículo de cada ciclo xa aparece indicado o número de horas do módulo de FCT . Dependendo da xornada laboral que teña o alumnado nas empresas, o número de días de estancia nas empresas variará, até completar o total de horas .

Considerando xornadas de 8 horas, pódese facer un cálculo axustado sobre a duración das mesmas:

<b>Ciclo Formativo</b>	<b>Horas FCT</b>	<b>Días FCT</b>
Grao Medio en Sistemas Microinformáticos e Redes	410	52
Grao Básico en Informática de Oficina	320	40

## **Períodos de realización da FCT**

A FCT organízase por quendas de trimestres, a efectos de poder completar o número de horas fixadas no currículo para a FCT:

- 1ª quenda: no período setembro-décembro.

- 2ª quenda: no período xaneiro-marzo.

- 3ª quenda: no período abril-xuño.

En todos os períodos establécese un rango suficientemente amplo como para poder facer fronte non só ao número variable de horas de FCT dependendo do ciclo, senón tamén a outras situacións como festivos, imprevistos, xornadas diarias nas empresas de diferentes duracións, ...

### **Seguimento da FCT**

A función do coordinador de FCT e dos titores de ciclo, será a busca de empresas e a sinatura dos convenios de colaboración. Ademais, realizarase un seguimento dos alumnos nas empresas.

Ao comezo da FCT entregaráselle ao alumnado unha carpeta con toda a documentación que deberán completar tanto eles como os responsables das empresas.

O alumnado visitará o centro educativo cada 15 días, coa súa carpeta, para dar conta das súas experiencias nas empresas e orientalos adecuadamente. Seralles revisada a documentación da carpeta FCT que se lles entregou ao comezo da mesma.

Os titores/coordinador FCT realizarán visitas ás empresas que consideren oportunas (mínimo 2, e se é posible unha cada 15 días) para ter contacto cos responsables e seguir a evolución dos alumnos.

A avaliación dos alumnos corresponderalle ao profesor titor, tendo en conta as valoracións feitas polos responsables das empresas e a documentación elaborada polo alumno (follas semanais).

Cando rematen a estancia na empresa, o alumnado volverá ao centro educativo, onde o coordinador de FCT pechará as súas carpetas de FCT.

### **Memoria da FCT**

Ao final do curso, rematada a FCT, elaborárase unha memoria con toda a información relativa ao desenvolvemento da mesma. Isto inclúe os anexos estatísticos sobre o alumnado: aptos, non aptos e exentos; axudas solicitadas; etc. Asemade faranse observacións e propostas de mellora ou cambio para o curso seguinte.

### **Proposta de calendario FCT 2024-2025**

- Avaliacións dos 2º de ciclos e 2º FP básica (previas á FCT): 3 de abril (CM) e 10 de abril (CB).

- Inicio límite da FCT: 7 de abril (CM) e 25 de abril (CB).
- Finalización da FCT: Como data límite fíxase o venres 20 de xuño de 2025.
- Días non lectivos a efectos de FCT:
  - 1 de novembro de 2024
  - 6 de decembro de 2024
  - 17 e 18 de abril de 2025
  - 1 de maio de 2025

## 5. OUTRAS ACTIVIDADES E INICIATIVAS

### 5.1. Aula Mentor

A Aula Mentor é un programa de formación online non regrada, flexible e con titorización persoalizada, dirixido a persoas adultas maiores de 18 anos cun extenso catálogo de cursos cos que ampliar as súas competencias persoais e profesionais. A iniciativa está promovida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional en colaboración con outras institucións públicas y privadas tanto nacionais como internacionais.

O IES Maximino Romero de Lema recibiu a autorización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para actuar como centro colaborador deste programa, co que pretendemos achegar a formación continua á poboación e facilitar o seu desenvolvemento persoal e social ao longo da vida.

Ás persoas interesadas nesta formación ofreceráselles información e asesoramento sobre os procesos de matrícula, desenvolvemento e certificación dos cursos, así como se poñerá á súa disposición unha aula con equipos informáticos adecuados para a realización das probas de avaliación e tamén, se así o desexan, para a realización dos cursos.

No momento de elaboración desta Programación Xeral Anual hai dous docentes formados como Administradores de Aula Mentor: Ana Facal Maroñas e Pablo Balsas Barbeira, que serán os responsables da administración da Aula Mentor unha vez que se reciba a autorización do Ministerio de Educación e Formación Profesional para poñer en marcha definitivamente este programa.

### 5.2. Accións Formativas para Desempregados

O noso centro solicitará a participación no desenvolvemento de accións formativas para persoas desempregadas, que consistirán na impartición de cursos relacionados coa familia profesional de Informática e Comunicacions. A nosa colaboración consistirá no uso das instalacións do centro e na busca de profesorado debidamente cualificado para a impartición dos cursos.

Estas accións formativas, que se desenvolverán ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso, conducen á obtención dun certificado de profesionalidade e, por tanto, contribúen a mellorar a cualificación e a empregabilidade das persoas.

Para este curso 2024-2025 solicitarase a impartición dalgún curso segundo as condicións da convocatoria correspondente.

### **5.3. Prácticum ESO, Bacharelato e FP**

No curso 2024-2025 son moitos os membros do Claustro que se presentaron como titoras/titores do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de ESO, Bacharelato e FP.

O Centro, así como o profesorado, acreditarase para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao curso de especialización de Formación Profesional.

### **5.4. Escola comunitaria**

Un proxecto de formación experimental para intentar establecer lazos de unión entre unha escola de familias tradicionais e o persoal docente. A nosa intención é organizar unha serie de charlas, con temas diversos que poidan interesar a toda a comunidade.

No momento de realizar esta PXA xa temos cerrada unha charla para familias e docentes coa Asociación Galega de Asperger para recibir a formación "Entendendo e Apoiando a Estudantes con Autismo na Aula".

## CAPÍTULO IV

### 1. ORZAMENTO DO CENTRO

Presentarase no mes de febreiro, elaborado pola Secretaría do Centro e aprobado polo Consello Escolar.

## **ANEXO I. PLAN ANUAL DE LECTURA**

No Plan Anual de Lectura concretamos obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro (PLC) no presente curso escolar.

### **1. Obxectivos.**

#### **1.1. Formar lectores e lectoras competentes**

Dende a Biblioteca do Centro traballamos na formación de lectores competentes e polivalentes que melloren o seu dominio nos distintos tipos de lectura (en voz alta, silenciosa, dramatizada, rápida, lenta, selectiva...), nos diversos tipos de documentos (literarios, técnicos, científicos, divulgativos...), nos distintos soportes (libros, revistas, xornais, obras de consulta, pantalla de ordenador...), controlando por outra banda os distintos espazos posibles para a lectura (a aula, a biblioteca escolar, o aire libre, a biblioteca pública, a soidade do seu cuarto...).

#### **1.2. Crear e consolidar hábitos de lectura entre o alumnado**

O fomento da lectura como fonte de pracer é unha das nosas principais finalidades, na idea de que acceder ao coñecemento mediante a lectura dotará ao alumnado dos instrumentos e estratexias necesarios para adquirir o criterio que lle permitirá interpretar as diversas fontes de información, facilitando así a súa auténtica realización como seres humanos libres á hora de ir forxando a súa personalidade.

#### **1.3. Mellorar os resultados académicos do alumnado**

Pretendemos conseguir a mellora dos resultados académicos do alumnado a través da mellora das competencias básicas, moi especialmente da lingüística oral e escrita.

#### **1.4. Aumentar a motivación do alumnado**

Buscamos o aumento da motivación do alumnado para que mellore as súas actitudes cara á aprendizaxe, ao sentirse máis competente como lector e escritor, así como na súa expresión oral.

#### **1.5. Converter a biblioteca escolar nun recurso imprescindible de compensación social**

Facilitar o acceso aos fondos (axeitados aos diversos tipos de lectores) á totalidade da comunidade educativa, mesmo en períodos horarios non lectivos, constitúese nunha das bases do noso ideario; igualmente importante é contar con materiais adaptados aos distintos niveis de competencia de todo tipo, tendo ademais en conta a liberdade de

ideoloxía, crenzas relixiosas, etc. Por outra banda terase en conta a loita contra o racismo, a homofobia, o machismo, o belicismo, o consumismo e outras lacras e mostras de falta de tolerancia existentes na nosa sociedade. Estase a traballar máis a conciencia o tema da Igualdade desde os distintos Departamentos.

### **1.6. Catalogar todos os recursos en formato papel e dixital dos que dispón o Centro**

Coa finalidade de que toda a comunidade educativa teña un mellor acceso aos fondos do Centro.

### **1.7. Dinamizar o Club de Lectura**

Continuamos animando a participación do alumnado no Club de Lectura. Consideramos que é unha tarefa que implica moito esforzo por parte do profesorado participante, pero é grazas a entrega altruísta destes membros da Comunidade Educativa que o Club de Lectura está a funcionar moi ben e os alumnos e alumnas participantes cada vez son máis. Este alumnado está descubrindo unha nova forma de gozar coa lectura.

### **1.8. Promover as actividades organizadas dende a Biblioteca a través das redes sociais**

Continuamos coa utilización das redes sociais por parte do equipo da biblioteca para promover e difundir as diferentes actividades, novidades e informacións relevantes que se levarán a cabo. Esta é unha maneira de chegar ao alumnado dun xeito máis rápido e actual a través da utilización das contas de correo electrónico e Instagram da Biblioteca. Ante a boa acollida que tivo esta iniciativa entre o alumnado, este ano seguiremos impulsándoa.

### **1.9. Coordinar o programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar**

Este ano continuamos coa colaboración do equipo de vountarios/as da Biblioteca (1º e 2º da ESO). A participación neste programa tivo moita acollida entre o alumnado, que se sente responsable e axudan a realizar múltiples actividades e tarefas propostas polo Equipo da Biblioteca.

## **2. Organización de espazos e tempos para a lectura**

Todos os grupos da ESO adican unha hora semanal á lectura na clase, organizada e pautada dende a Biblioteca. Estableceuse un calendario para a Hora de Ler, que consiste en ir rotando cada día da semana e cada hora de clase, de tal xeito que se comeza o luns a primeira hora, pasando a semana seguinte a segunda hora, e así sucesivamente, de

xeito que ao longo do curso a hora de lectura varía no horario lectivo do alumnado. Esta actividade abarcará dende o mes de outubro ata maio. O recordatorio da hora de ler atópase nuns paneis diante das dúas entradas do centro, ademais de recordalo a través das redes sociais das que dispón a biblioteca. Asemade en cada aula hai unha copia impresa do calendario e esta mesma foi enviada por correo electrónico ao profesorado. Este calendario foi aprobado en Claustro.

Achegamos o calendario da Hora de Ler:



## HORA DE LER CURSO 2024/2025



HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	30 DE SETEMBRO	26 DE NOVENBRO	29 DE XANEIRO	20 DE MARZO	16 DE MAIO
2ª	7 DE OUTUBRO	3 DE DECEMBRO	5 DE FEBREIRO	27 DE MARZO	23 DE MAIO
RECREO					
3ª	14 DE OUTUBRO	10 DE DECEMBRO	12 DE FEBREIRO	3 DE ABRIL	31 DE MAIO
4ª	21 DE OUTUBRO	17 DE DECEMBRO	19 DE FEBREIRO	10 DE ABRIL	
RECREO					
5ª	28 DE OUTUBRO	14 DE XANEIRO	26 DE FEBREIRO	24 DE ABRIL	
6ª	4 DE NOVENBRO	21 DE XANEIRO	12 DE MARZO	8 DE MAIO	
MEDIODÍA					
7ª	11 DE NOVENBRO				
8ª	18 DE NOVENBRO				

No Centro dispoñemos de varios espazos habilitados para a lectura: a Biblioteca, propiamente dita, a aula do Club de Lectura, o punto PIL (Punto Informal de Lectura) situado ao lado da aula de titoría e máis un espazo na cafetería do Instituto. Asemade con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero, poñerase unha pequena librería con fondos bibliográficos relacionados coa coeducación. Na entrada do Centro colocouse unha vitrina expositora cos premios literarios que se van concedendo ao longo do curso.

Nesta mesma entrada colócanse todas as exposicións temáticas que dende a Biblioteca se van organizando.

Ao longo do curso vanse expoñendo todas as novidades bibliográficas e cinéfilas nun expositor na entrada da Biblioteca, e este curso teremos como novidade outro expositor nunha das entradas do Centro, ao lado da cafetería.

Continuaremos empregando a conta de Instagram para dar a coñecer as novidades, concursos e actividades levadas a cabo dende a Biblioteca. E por outra banda, tamén usaremos o correo electrónico para promover o préstamo online de libros.

**3. Seccións.** A Biblioteca de Aula estará en funcionamento. Esta organízase do seguinte xeito: en cada grupo hai unha Biblioteca de Aula que se dota de fondos bibliográficos a principio de curso segundo as preferencias do alumnado e as suxestións do profesorado. O préstamo para a casa xestionase dende a Biblioteca Central.

**4. Rutinas de lectura.** A elección das lecturas por parte do alumnado para a hora de ler son libres. O alumnado pode traer as súas propias lecturas ou empregar a biblioteca de aula. Durante este curso cada Departamento proporá posibles melloras tanto no calendario da hora de ler como na suxestión de lecturas.

## **5. Actividades programadas.**

### **5.1. Proxectos documentais integrados.**

**5.1.1. Clubs de lectura.** Este curso continuarase cos clubs de lectura. Os clubs de lectura reúnen semanal ou quincenalmente. As lecturas propostas serán acordadas polo profesorado e alumnado participante no club. Este ano, ao igual que os pasados, contaremos coa colaboración das bibliotecas doutros centros educativos e da biblioteca pública do Concello. Este curso tentaremos organizar de novo un **Roteiro Literario Intercentros** ou outras actividades que o ano pasado non se puideron levar a cabo.

### **5.2. Actividades**

Todas as actividades realizadas pola Biblioteca durante este curso serán destinadas ao desenvolvemento de actividades que impliquen directamente o aspecto cognitivo do noso alumnado, actuando de maneira interactiva coas actividades propostas e en colaboración directa cos Departamentos Didácticos.

Dende a Biblioteca estanse organizando **Obradoiros** con distintas temáticas tentando chegar a todo o alumnado.

**Mes do Libro:** Este curso organizarase de novo o Mes do Libro (VIII Mes do Libro). Dende a Biblioteca organizamos Encontros Literarios e obradoiros con distintos autores dirixidos a todos os niveis da ESO e de Bacharelato no mes de abril.

Os pasados cursos leváronse a cabo **lecturas compartidas e dramatizadas** polo alumnado dirixidas ao resto do alumnado no espazo da Biblioteca e no Colexio Labarta Pose. Isto foi posible grazas á colaboración altruísta dalgúns membros da Comunidade Educativa.

**Recomendámosche:** O alumnado que así o desexa pode facer a súa recomendación literaria e compartila co resto da Comunidade Educativa no taboleiro destinado para ese uso.

**Recuncho refraneiro:** Continuamos co espazo adicado aos refráns populares. Cada mes publícanse dous ou tres refráns relacionados co mesmo e cólganse no taboleiro que hai fronte á Biblioteca, así como no Blog e no Instagram.

**Conmemoración de datas sinaladas:** Organizamos actividades para conmemorar datas específicas como: o Día das Bibliotecas Escolares, o Samaín, o Mes da Ciencia, o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, o Nadal, o Día da Paz ou o da Muller, entre outros.

**Exposicións fotográficas:** Se finalmente se volve a solicitar o Contrato Programa Innova de Fotografía e continuaremos co proxecto de realizar algunha exposición fotográfica.

**Plan de formación do profesorado de mellora da Biblioteca:** Continuamos con este plan de formación para o profesorado da Biblioteca.

**Espazo creativo:** Puxemos en marcha este novo espazo creativo que tivo gran acollida entre o alumnado e no que desenvolveron moitas actividades, entre elas os talleres de origami. Dentro deste espazo creativo iniciámonos na creación de figuras coa impresora 3D, e retomaremos esta iniciativa ao logo deste curso.

As actividades realizadas serán recollidas na memoria do PLAMBE.

## **6. Ler en familia.**

**Mochilas viaxeiras.** Este curso volveremos poñer en marcha esta iniciativa. Estas mochilas viaxeiras están dirixidas para o alumnado de 1º da ESO facendo quendas para que poidan pasar por todos. Esta iniciativa é moi ben acollida polos alumnos e alumnas, apuntando estes algunhas suxestións no caderno que incluimos en cada unha.

## **7. Seguimento e avaliación**

Establecemos os seguintes criterios de avaliación:

- Verificar o grao de cumprimento das intervencións comprometidas.
- Facer un seguimento da consecución dos obxectivos xerais.
- Comprobar a adecuación dos métodos, materiais e recursos propostos no Proxecto.
- Valorar o grao de implicación dos distintos colectivos.

## **Procedementos de avaliación**

Os procedementos para avaliar este Plan Anual de Lectura son:

1. Unha enquisa que verifique mediante un si, un non ou mediante gradación o cumprimento de todos e cada un dos obxectivos.
2. Unha enquisa que compute ata que punto se acadan os Obxectivos Xerais e que comprobe a adecuación dos métodos, materiais e recursos utilizados de acordo con este Plan, así como o grao de implicación de profesorado, alumnado e familias.
3. Unha enquisa para valorar a Hora de ler.

A Memoria Anual da Biblioteca tamén serve como procedemento de avaliación do Plan Anual de Lectura.

## **8. Organización, funcionamento e horario da biblioteca**

Consideramos que a biblioteca é un punto neurálxico dentro do bo funcionamento dun Centro Educativo. Así pois, apostamos por dotar este espazo de dinamismo a través dun material axeitado para poder levar a cabo as interesantes propostas que se realizan dende este espazo de encontro. O equipo está coordinado pola mestra Marta Nantón Amado e este ano solicitou contar coa axuda das seguintes docentes:

- Ana Fuentes García
- María Trinidad López Souto
- Hortensia Román González

Ademais de velar polo cumprimento do Programa Anual de Lectura, participar no PLAMBE e de colaborar co desenvolvemento dos clubs de lectura, a comisión ten estas outras funcións:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- Realizar propostas ao Consello Escolar e á Dirección para as melloras necesarias.
- Xestionar a apertura da biblioteca en horario escolar, procurando a necesaria colaboración e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e a responsábel da biblioteca escolar.
- Promover actividades de sensibilización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Integrar a biblioteca no tratamento do currículo.
- Fomentar a lectura e o desenvolvemento do Plan Lector do centro.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do ámbito do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e cos seus obxectivos.

A lectura é un instrumento esencial no desenvolvemento intelectual e humano dos/as adolescentes, e ademais estimula a curiosidade intelectual e mellora os coñecementos. Quen le, aprende, esperta o sentido crítico e desenvolve a fantasía e a creatividade.

Con estas actividades, tanto coas propias da Biblioteca como coas específicas dos clubs de lectura, os obxectivos son fomentar e favorecer o achegamento á lectura e á escritura dos rapaces e rapazas ao tempo que se esperta o desexo de ler, como fonte de pracer e coñecemento. Preténdese deste xeito propiciar a participación do alumnado en diferentes experiencias que lle permitan achegarse á creación literaria ao tempo que se traballan fóra de aula as competencias básicas.

## ANEXO II. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

### Xustificación do Plan

No tocante ás novas tecnoloxías o IES Maximino Romero de Lema aposta por un uso intensivo das mesmas, orientando ese uso a facer do ordenador e outras ferramentas TIC non un fin, senón un medio para acadar obxectivos. Así, no centro impártense ensinanzas de FP da familia profesional de informática e comunicacións, nos niveis Básico, Medio e Superior na modalidade Presencial e Semipresencial e a distancia. Por outra banda, ofértanse materias optativas nos restantes niveis, tanto de ESO coma de Bacharelato relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación. Conta ademais cunha aula de informática de uso común e os talleres de Tecnoloxía e de Informática con equipos informáticos para uso do alumnado e profesorado.

O uso intensivo desas ferramentas require unha infraestrutura da que, por desgraza, o centro carece de xeito parcial. Así, a baixa velocidade da conexión a Internet é unha das limitacións que temos á hora de sacarlle todo o rendemento posible ás instalacións TIC existentes no centro. Estes anos fomos mellorando un pouco despois de realizar dende a dirección do Centro diferentes xestións coa UAC e con empresas particulares contratadas para a mellora das instalacións.

Desta maneira, pretendemos converter as tecnoloxías da información e da comunicación non só nunha ferramenta para a aprendizaxe, senón nun contido de aprendizaxe en si mesmo, conscientes do seu papel na sociedade actual e da importancia que teñen para o desenvolvemento académico, profesional e persoal do alumnado.

### Obxectivos

Todo o anterior leva á necesidade de contemplar un proxecto TIC para o centro coa finalidade de organizar e administrar o uso de todo ese equipamento e establecendo unhas normas de uso para o mesmo. Esas directrices son as que se presentan a xeito de guía no proxecto TIC de centro e que se recollerán, ampliándoas e mellorándoas para adaptarse ás novas necesidades, no Plan Dixital que se seguirá poñendo en práctica ao longo do presente curso 2024-2025.

Establécense desta maneira os seguintes obxectivos:

- Mellorar a competencia do profesorado na utilización das TICs para organizar, incorporar e desenvolver estratexias de ensino no novo contexto da sociedade da información.

- Apoiar ao profesorado na elaboración dos seus propios contidos e o seu emprego na aula con éxito e seguridade.
- Fomentar e facilitar a integración das TICs de forma transversal en cada área e materia, favorecendo a mellora da proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen estas tecnoloxías.
- Apoiar e colaborar no desenvolvemento de proxectos incluídos na iniciativa *Polos Creativos*, na *Aula de Emprendemento*, nos *Plans Proxecta*, nos *Contratos Programa*, etc.
- Facilitar o acceso ás TIC do alumnado en todas as materias, especialmente por parte do alumnado con necesidades educativas especiais, de maneira que se convirtn nun apoio e reforzo das aprendizaxes e favorecendo a superación das limitacións de acceso derivadas das desigualdades sociais.
- Asegurar a dotación dos recursos necesarios para que se cumpra o disposto nas programacións didácticas referido ás TIC, actualizando convenientemente o hardware e o software e mantendo ao día o inventario de recursos.
- Potenciar o uso das TIC, especialmente a páxina web e a aplicación *Abalar*, como medio dinámico de comunicación e interacción coa Comunidade Educativa e de difusión de información e contidos.
- Fomentar o uso responsable e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto no ámbito académico como no persoal e de lecer.
- Fomentar o uso respectuoso, responsable e solidario dos medios informáticos do centro, diminuindo no maior grao posible os danos nos equipamentos, especialmente das aulas de informática.
- Continuar coa liña de formación do profesorado nas TIC buscando a mellora no manexo da aula virtual e prestando atención a outras ferramentas técnicas de uso cotiá (correo electrónico, Google Drive, informática básica, etc.).

### **Organización de infraestruturas e recursos dispoñibles**

O Centro conta coas seguintes infraestruturas no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación:

- Conexión a internet: o Centro dispón dunha conexión a internet mediante unha tecnoloxía de radio enlace que proporciona unha velocidade de conexión axeitada para a maioría das necesidades derivadas da actividade educativa. Dentro do recinto existe

unha conexión inalámbrica a través de varios puntos e antenas de ampliación do sinal e tamén unha rede interna de fibra óptica para a conexión entre as aulas de informática e o departamento de Informática. No curso pasado ampliouse a cobertura da rede wifi instalando novas antenas e puntos de conexión.

- Páxina web: o Centro dispón dunha páxina web na que se atopan todos os documentos institucionais, ligazóns a ferramentas educativas, recursos complementarios para a formación, así como información sobre todas as actividades realizadas ao longo do curso e avisos de interese para toda a Comunidade Educativa. O enderezo web é o seguinte: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximinoromerodelema>.

Este curso intentaremos cambiar, modificar o formato da páxina Web.

- Aula virtual: é unha plataforma Moodle para o profesorado que permite poñer a disposición do alumnado material didáctico e foros de traballo e que constitúe un recurso a empregar non só en casos de ensino non presencial, senón tamén moi útil como complemento ao ensino presencial ordinario.
- Outros recursos TIC: o Centro conta con 8 aulas específicas de informática (2 para a Formación Profesional Básica, 2 para o ciclo formativo de grao medio, 2 para o ciclo formativo de grao superior, unha aula-taller e unha aula de uso común para todos os niveis do Centro), 4 aulas Abalar para a ESO e ademais a totalidade das aulas están equipadas con canón proxector, un PC para o profesorado e conexión a internet. Actualmente, a maioría do profesorado emprega o encerado dixital conectado a un PC con conexión a internet para realizar a exposición dos contidos nas aulas. Tamén hai unha zona TIC na Biblioteca, xa que se creou o “espazo TIC” no que se instalaron en rede 4 equipos informáticos, dotando así a Biblioteca dun espazo de consulta on-line para os seus usuarios.
- Mantemento: no mantemento de todo este equipamento encárgase o Departamento de Informática e o Coordinador TIC do Centro, apoiados pola Unidade de Atención a Centros e tamén por empresas externas para subministracións e intervencións puntuais.

## **Avaliación do plan**

Establécense tres procesos avaliadores fundamentais:

- Unha avaliación inicial, coa que poder detectar as necesidades de formación do profesorado e de dotación de medios, así como establecer un calendario de actuacións.

- Unha avaliación, sumativa á anterior e continua ao longo do curso, coa que poder reaxustar o que se estime oportuno para acadar os obxectivos do presente plan.
- Unha avaliación final no remate do curso coa que observar o grao de cumprimento dos obxectivos marcados no presente plan e analizar posibles melloras de cara a vindeiros cursos.

### **Difusión do plan para o resto da comunidade educativa**

Tentarase que a páxina web do centro sexa unha das principais canles de comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Para isto daráselle a estrutura axeitada para que sexa un punto de información actualizado sobre o propio centro, un lugar de intercambio de comunicacións entre os distintos usuarios e tamén un soporte de aloxamento da maior parte das actividades que o profesorado pretenda levar á aula.

### **ANEXO III. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Durante o curso 2024-2025 aplicaranse as medidas que se indican a continuación, segundo as indicacións establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade para cada unha delas e as puntualizacións que, de ser o caso, se indican a continuación.

#### **I. MEDIDAS ORDINARIAS**

##### **- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado**

Na etapa de ESO hai un único grupo por nivel, polo que non procede a aplicación de ningún criterio para a composición dos grupos. Unicamente no primeiro curso organizouse un desdobre para poder atender mellor as necesidades educativas do alumnado. Este desdobre realizouse co criterio de equilibrar nos dous subgrupos o número de nenos e nenas, o número de repetidores e o alumnado con necesidades educativas.

Nos grupos de Bacharelato o criterio de formación dos grupos foi a modalidade e materias cursadas polo alumnado.

A disposición do alumnado na aula realízase inicialmente colocando a cada alumno e alumna de maneira individual e seguindo a orde alfabética, coas alteracións necesarias para atender as características e necesidades persoais de cada alumno (dificultades de visión, problemas de atención, condicións de mobilidade, ...). Esta disposición cambiarase ao longo do curso de maneira consensuada na Xunta de Avaliación para tratar de dar resposta ás necesidades e circunstancias que vaian xurdindo no grupo.

Ao longo do curso realizaranse as reunións de coordinación entre o profesorado implicado no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias, ademáis das sesións ordinarias de avaliación.

##### **- Adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación**

Nos grupos de ESO, Ciclo Medio e FP Básica realizaranse pequenas adaptacións e modificacións dos tempos e instrumentos e procedementos previstos para a avaliación coa finalidade de dar resposta ás necesidades educativas do alumnado destes grupos que presenta trastornos e dificultades por déficit de atención. Algunhas destas adaptacións poderán aplicarse igualmente a todo o grupo mentres que outras estarán destinadas exclusivamente ao alumno con estas dificultades, segundo o criterio do profesorado e as particularidades de cada materia ou módulo.

Nos grupos de 1º ESO e de 1º de Ciclo Medio realizaranse tamén certas adaptacións neste aspecto para atender ás necesidades de dous alumnos derivadas da dislexia.

Estas medidas poderán ser de aplicación igualmente en todos os grupos do centro, segundo as dificultades que se vaian manifestando, as particularidades das distintas materias e o criterio do profesorado, e sobre todo no primeiro e segundo curso de ESO e no primeiro curso do Ciclo Medio, grupos nos que hai alumnado con importantes dificultades de aprendizaxe e circunstancias particulares.

#### - **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**

O profesorado con dispoñibilidade horaria estará dispoñible para colaborar na atención ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe se se considera necesario.

Así, unha profesora do departamento de Bioloxía colaborará durante tres sesións semanais na atención ao alumnado de 1º e 2º de ESO nas materias do ámbito científico, unha profesora do departamento de Matemáticas colaborará na atención a un alumno de 2º ESO con dificultades de aprendizaxe, dedicándolle unha hora semanal, e unha profesora do departamento de Inglés reforzará nesta materia ao alumnado de 2º ESO que o requira.

Esta planificación inicial é susceptible de modificacións ao longo do curso para ir respondendo á evolución do alumnado indicado e a outras dificultades que vaian xurdindo.

#### - **Exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira**

Nos grupos de 1º e 2º ESO haberá alumnos exentos da materia de Segunda lingua estranxeira (7 en 1º ESO e 5 en 2º ESO). Para tratar de mellorar as dificultades que presentan no ámbito lingüístico, nas horas de clase correspondentes a esta materia recibirán reforzo educativo por parte do profesorado do departamento de Orientación.

#### - **Exención da materia de Lingua galega e literatura**

Durante este curso haberá unha alumna e dous alumnos exentos da materia de Lingua Galega e Literatura en 1º ESO e outro alumno en 2º ESO.

### - **Programas de recuperación**

Os departamentos didácticos deseñarán e desenvolverán os programas e actuacións para a recuperación das materias pendentes segundo as normas e procedementos aprobados en cada un deles.

### - **Programa de habilidades sociais**

Dentro do plan de acción tutorial inclúese un programa de habilidades sociais con actividades para os catro cursos da etapa de ESO que será aplicado polo profesorado titor correspondente en cada curso.

Ademais, se se deran as circunstancias que o xustifiquen, deseñaranse e desenvolveranse as actuacións que se consideren necesarias para solucionar os problemas concretos que poidan aparecer ao longo do curso.

## **II. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

### - **Adaptación curricular**

Durante este curso realizaranse tres adaptacións curriculares para outros tantos alumnos de 1º ESO e unha adaptación curricular para un alumno de 2º ESO. Estas medidas de adaptación curricular estarán acompañadas do apoio da profesora de Pedagogía Terapéutica e de unha profesora do departamento de Xeografía e Historia con horario dispoñible.

### - **Apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica**

A intervención da profesora de Pedagogía Terapéutica estará centrada nos dous primeiros cursos de ESO, nos que se escolarizan varios alumnos e alumnas con necesidades educativas e con descoñecemento do idioma, así como no primeiro curso de FP Básica, no que hai tamén unha alumna con estas necesidades; a esta intervención dedicará un total de 13 sesións lectivas directas, nas que colaborará no desenvolvemento das adaptacións curriculares e nas medidas de reforzo educativo deseñadas para este alumnado, especialmente ao alumnado de nova incorporación con descoñecemento das linguas oficiais.

Ademais desta intervención, estará pendente das necesidades e circunstancias que vaian xurdindo ao longo do curso para colaborar na súa atención.

## - **Flexibilización modular no ciclo formativo**

Aplicarase esta medida para dous alumnos do segundo curso; un deles presenta unha importante lentitude nos procesos de pensamento e razoamento, na comunicación e expresión oral e con moitas lagoas e graves problemas de memoria; o outro presenta un trastorno do espectro autista asociado a un trastorno por déficit de atención. Os dous alumnos gozaron xa desta medida durante o curso pasado, polo que se continuará coa planificación desta medida proposta o curso pasado.

Ademais, algún outro alumno do primeiro curso pode ser susceptible de recibir esta medida, aínda que será preciso ver a súa evolución para ter máis elementos e datos máis precisos para valorar esta decisión.

En calquera caso, esta medida estará acompañada de adaptacións nos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación segundo as dificultades que vaia presentando o alumnado e a súa evolución.

## ANEXO IV. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

### 1. PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é un documento que recolle as intencionalidades educativas para o desenvolvemento da convivencia positiva no centro e ao mesmo tempo, tamén as estratexias para acadala. Baixo este punto de vista, é evidente que se precisa unha concreción anual co fin de ir establecendo obxectivos e accións de temporalidade anual, orientados ao progresivo logro dos obxectivos do dito plan.

É importante ter en conta que para cada obxectivo anual, deben establecerse indicadores de consecución do mesmo que permitan determinar a eficacia das accións postas en marcha e a súa avaliación.

Ao mesmo tempo, deberase sinalar quen son as persoas responsables de dinamizar esas accións e facer o seguimento e revisión dos obxectivos, así como indicar a temporalización, cómo se levarán a cabo e como se realizará a coordinación ou calquera outro procedemento previsto. É preciso destacar a figura da persoa coordinadora do benestar e a convivencia, que desenvolverá un papel importante na dinamización da convivencia. Este curso, esta persoa será o orientador do Centro, Pablo Balsas Barbeira.

En relación ás accións, seleccionaranse en prol da maior eficacia de cara á consecución dos obxectivos. Así pois, é preciso ter en conta os seguintes criterios:

- Priorizar accións con amplo consenso, que agrupen e afecten a un amplo sector do grupo, clase, ciclo ou incluso comunidade escolar. Á maior influencia, maiores resultados e sensibilizacións.
- Accións realistas, viables, facilmente aplicables e avaliáveis.
- Accións concretas e sinxelas.
- Garantir a consolidación dos avances acadados.
- O desenvolvemento de accións deberá quedar explícito nas programacións didácticas, facendo fincapé na titoría, sin esquecer os proxectos e a formación específica a nivel de centro neste eido.
- Cómpre a revisión anual do Plan en función dos acontecementos ao longo do curso, á fin de mellorar e retroalimentar as actuacións que se levaran a cabo.

## Concreción Plan Anual de Convivencia para o curso 2024-2025

Obxectivos	Accións	Responsables	Temporalización	Indicadores de logro
Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa da importancia da convivencia escolar	Difusión a través da pax web do IES de toda a información relativa á convivencia para quen a precise consultar.	Equipo directivo, comisión convivencia, dpto informática e profesorado en xeral.	Ao longo de todo o curso.	Actualización constante da web
Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.	Divulgación a través da web, carteis nas aulas, carteis nos distintos andares do centro e traballo nas titorías.	Equipo directivo, Dpto de Orientación, Titores e Comisión de Convivencia.	1º trimestre	Avaliación da difusión e o traballo na titoría.
Incorporar ao PAT actividades para analizar e mellorar o clima na aula e por extensión no centro	Traballo a través das titorías.	Xefatura de Estudos, Dpto. De Orientación e Titores.	Ao longo de todo o curso. Reunións trimestrais entre Xefatura de Estudos e Titores.	Avaliación final de curso
Propostas de mellora da convivencia nos diferentes espacios do centro, con especial atención ás entradas e saídas, recreos, corredores e cambios de clase.	Implicación e atención do profesorado en xeral e especialmente profesorado de gardas de transporte, recreos.	Profesorado en xeral e persoal non docente.	Ao longo de todo o curso.	Análise do resultados trimestralmente.
Incluír no plan anual de formación do centro actividades relacionadas coas diferentes medidas recollidas no Plan de Convivencia	Solicitar a todo o profesorado propostas de actividades e tamén ás familias ademais de ao alumnado	Equipo Directivo, Dpto Orientación, Comisión convivencia.	Ao longo de todo o curso.	Rexistros que recollan as propostas, actas da ccp, etc.

<b>Obxectivos</b>	<b>Accións</b>	<b>Responsables</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Indicadores de logro</b>
Coidar as relacións entre o profesorado e profesorado-familias a fin de ser un modelo de referencia para as relacións entre o alumnado.	Relacións cordiais, uso do diálogo, respecto ás opinións, discusións positivas, etc	Toda a comunidade educativa.	Ao longo de todo o curso.	A falta de uso de formas pode supor a medida dun parte de incidencias.
Implantar protocolo de acollida para o novo profesorado, explicando os aspectos fundamentais do plan de convivencia	Elaboración da Comisión de convivencia do protocolo de acollida para o profesorado novo	Comisión de convivencia	Todo o curso	Revisión protocolos e memoria final de curso.
Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan xurdir	Formación ao respecto, establecemento de pautas e potocolos de actuación	Comisión de convivencia, Xefatura Estudos, Dpto Orientación e profesorado en xeral.	Todo o curso	Avaliación e retroalimentación do proceso.
Rexistro dos conflitos co fin de ter unha visión real da convivencia no centro.	Rexistro de partes de incidencia.	Toda a comunidade educativa.	Todo o curso.	Rexistro de partes de incidencia.
Fortalecer a conciliación e a mediación para a resolución pacífica dos conflitos	Mediación	Toda a comunidade educativa.	Todo o curso	Resultados da meditación nos conflitos xurdidos.
Uso de programas específicos de habilidades sociais, resolución de conflitos, plans de igualdade, etc	Formación e actualización en ditos programas	Toda a comunidade educativa	Todo o curso	Valoración final curso.

Obxectivos	Accións	Responsables	Temporalización	Indicadores de logro
Fomentar e facilitar a participación, comunicación e cooperación coas familias no mantemento da convivencia	Relación, coordinación e información constante coas familias	Centro-familias	Todo o curso	Valoración trimestral.
Establecer, manter e consolidar relacións con entidades que contribúan á convivencia	Charlas, coloquios, xornadas, etc	Centro-institucións varias	Todo o curso	Valoración final de curso

## 2. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Cada grupo-clase disporá dunha copia do Plan de Convivencia.
- Realizarase traballo nas horas de titoría para o seu coñecemento por parte do alumnado.
- Ao inicio do curso, no primeiro Claustro, realizarase unha breve exposición do contido do plan e das implicacións para os membros da comunidade educativa. Farase especial fincapé na explicación ao profesorado de nova incorporación.
- Ao inicio do curso, no primeiro Consello Escolar, realizarase unha breve exposición do contido do plan e das implicacións para os membros da comunidade educativa.
- As familias terán a posibilidade de obter o contido completo do plan en formato dixital.
- O Plan de Convivencia estará accesible na páxina web do centro xunto cos outros documentos de organización, xestión e funcionamento.

## 3. AVALIACIÓN E MELLORA

A Comisión de convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da Comisión de convivencia,

aprobará a memoria do Plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.